En resumo, a situación actual do mercado laboral presenta unha serie de retos. Para garantir a estabilidade e o desenvolvemento económico, é necesario implementar políticas que fomenten a creación de empregos de calidade, a inclusión social, a igualdade de xénero no eido laboral, a capacitación continua e tamén dar resposta ás necesidades das nosas empresas, pemes e autónomos.

Ante estes imperativos, o Goberno galego está a desenvolver, mediante un enfoque integral, políticas activas de emprego que contemplan e buscan dar solución, tanto ás necesidades dos empregadores para asegurar a súa competitividade como aos dereitos e necesidades da cidadanía galega, co fin de avanzar cara un mercado laboral máis xusto, equitativo e sostible.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego das medidas impulsadas nos últimos anos ao obxecto de dar resposta aos grandes retos do mercado laboral en Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 28893
Data envio: 16/07/2025 18:35:31.428

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 16/07/2025 18:32:15
Ethel Vázquez Mourelle na data 16/07/2025 18:32:39
María Encarnación Amigo Díaz na data 16/07/2025 18:32:52
Raquel Arias Rodríguez na data 16/07/2025 18:33:01
Víctor Baladrón Lamas na data 16/07/2025 18:33:16
Nicole Grueira Fernández na data 16/07/2025 18:33:25
Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/07/2025 18:33:33
Argimiro Marnotes Fernández na data 16/07/2025 18:33:45
Maria Magdalena Perez Millares na data 16/07/2025 18:33:59

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 28893
Data envio: 16/07/2025 18:35:31.428

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 18:35:32

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 28895
Data envio: 16/07/2025 18:49:03.326

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 16/07/2 Por María Encarnació Díaz

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Asinado o día 16/07/2025 ás 18:45 Por Ethel Vázquez Mourelle

O 19 de xuño de 2024, a Asemblea Xeral da ONU adoptou unha resolución na que proclamaba 2025 como o Ano Internacional das Cooperativas. Baixo o lema " As cooperativas constrúen un mundo mellor", Nacións Unidas pretende poñer o foco no modelo cooperativo como solución fundamental a numerosos retos a nivel mundial, destacando a súa importancia para acelerar o traballo por alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no ano 2030.

As cooperativas, con máis de 2.049 entidades na actualidade, son un modelo firmemente consolidado na estrutura económica de Galicia, xa que teñen un volume de negocio superior a 3.500 millóns de euros. Representa un piar fundamental na economía ou sector dos coidados, a educación, entre outros, e tamén para o asentamento da poboación no medio rural, onde actualmente se contabilizan máis de 300 cooperativas agroalimentarias en activo, que facturan máis de 2.400 millóns de euros, o 70% do que factura todo o sector cooperativo. Ademais, son esenciais dentro do modelo de Economía Social, que supón máis do 7% do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia e xera un impacto social anual superior aos 850 millóns de euros

Asinado o día 16/07/2025 ás 18:45 Por Noelia Pérez López

Máis a súa contribución á actividade económica e ao emprego vai máis alá destas cifras. Ademais da proximidade, o valor engadido e diferenciador dos seus produtos, o seu compromiso coa base social e coa comunidade, destacan pola estabilidade no emprego. En xeral, as cooperativas ofrecen maior estabilidade laboral respecto doutro tipo de organizacións e contribúen a crear emprego en segmentos da poboación activa con maiores dificultades de inserción laboral, como maiores de 55 anos, mulleres, persoas mozas, con discapacidade ou en risco de exclusión social.

Neste contexto, o goberno galego leva anos impulsando o diálogo, a coordinación e a colaboración entre todos os actores da Economía Social e adoptando medidas para promover o cooperativismo como motor de crecemento sustentable de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o goberno galego das medidas, accións e programas postos en marcha para facilitar o emprendemento cooperativo na nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 28895
Data envio: 16/07/2025 18:49:03.326

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 16/07/2025 18:45:46
Ethel Vázquez Mourelle na data 16/07/2025 18:45:54
María Encarnación Amigo Díaz na data 16/07/2025 18:46:11
Raquel Arias Rodríguez na data 16/07/2025 18:46:42
Víctor Baladrón Lamas na data 16/07/2025 18:46:51
Nicole Grueira Fernández na data 16/07/2025 18:47:22
Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/07/2025 18:47:30
Argimiro Marnotes Fernández na data 16/07/2025 18:47:41
Maria Magdalena Perez Millares na data 16/07/2025 18:47:48

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 28895
Data envio: 16/07/2025 18:49:03.326

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 18:49:04

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:27:48
Nº Rexistro: 28896
Data envio: 17/07/2025 10:27:48.175

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 17/07/2
10:27
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lama, Ariadna Fernández González e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á praga de moscas que afecta a unha parte do país.

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:27
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha praga de moscas refírese á proliferación descontrolada destes insectos nunha determinada área, superando os niveis habituais e converténdose nunha molestia severa para a poboación. Esta situación xera problemas de hixiene, afecta a saúde pública e altera a vida diaria das persoas, especialmente en zonas onde a acumulación de materia orgánica favorece a súa reprodución masiva. A elevada presenza de moscas pode dificultar a actividade económica, afectar o benestar psicolóxico da cidadanía e converterse nunha ameaza para a calidade de vida.

As parroquias de Carregal e Forcadela, no concello de Tomiño, levan varios anos sufrindo unha persistente e intensa praga de moscas que afecta gravemente a calidade de vida das súas veciñas e veciños. Esta situación, que se repite anualmente e se intensifica especialmente nos meses de primavera e verán, xera un ambiente insalubre e incómodo para a poboación local. A presenza masiva destes insectos non só altera as actividades cotiás dos habitantes, senón que tamén ten repercusións negativas na economía local, obrigando a moitos establecementos hostaleiros e comercios a reducir ou mesmo deter a súa actividade debido á imposibilidade de manter condicións hixiénicas axeitadas.

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:27
Por Sonia Vidal Lamas

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:27:48
Nº Rexistro: 28896
Data envio: 17/07/2025 10:27:48.175

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lonxe de ser un problema illado, esta situación afecta a máis dunha vintena de municipios en toda Galiza, entre eles Narón, Poio ou Ponteareas. O incremento descontrolado da poboación de moscas está a converterse nunha verdadeira problemática de saúde pública e benestar social, superando os límites municipais e esixindo unha resposta global e coordinada. Aínda que, ata o momento, non se confirmou que estas moscas transmitan enfermidades, a súa proliferación masiva deteriora a calidade de vida da veciñanza, afecta o benestar psicolóxico e obriga a moitas persoas a modificar drasticamente as súas rutinas diarias. Algúns veciños mesmo consideran abandonar as súas vivendas ante a imposibilidade de controlar a infestación.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) xa alertou en múltiples ocasións sobre a gravidade da situación, instando á Xunta de Galiza a actuar de maneira decidida e efectiva. En maio de 2024, a FEGAMP solicitou á administración autonómica a posta en marcha dun plan de intervención urxente, similar ao establecido para o control da vespa velutina. Porén, a resposta da Xunta foi, ata o momento, insuficiente e sen unha planificación clara que permita atallar o problema de raíz. A falta de compromiso e inacción do goberno galego ante unha crise desta magnitude evidencia unha desatención inaceptable cara ás necesidades e demandas das comunidades afectadas.

A Xunta de Galiza, como administración con competencias en materia de sanidade, medio ambiente e desenvolvemento rural, ten a responsabilidade directa de adoptar medidas eficaces para controlar e erradicar esta praga. É imprescindible que a administración autonómica asuma as súas obrigas e non delegue un problema desta magnitude unicamente nos concellos.

É urxente que a administración autonómica cumpra coas súas obrigas e adopte solucións reais e efectivas que garantan o dereito da poboación a vivir nun ambiente saudable e digno.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:27:48
Nº Rexistro: 28896
Data envio: 17/07/2025 10:27:48.175

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Que medidas ten previsto implementar a Xunta de Galiza para combater de maneira efectiva a praga de moscas que afecta aos concellos de Tomiño e outros municipios galegos?

2. Por que razóns a Xunta non ten actuado con anterioridade, a pesar das reiteradas solicitudes de intervención por parte dos concellos afectados e da FEGAMP?

3. Existe algún plan de coordinación entre a Xunta e os concellos afectados para abordar esta problemática de maneira conxunta e eficiente?

4. Que recursos económicos e técnicos está disposto a destinar o goberno autonómico para solucionar esta situación que leva anos afectando a calidade de vida da cidadanía?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:27:48
Nº Rexistro: 28896
Data envio: 17/07/2025 10:27:48.175

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 10:27:10

Ariadna Fernández González na data 17/07/2025 10:27:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/07/2025 10:27:33

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:27:48
Nº Rexistro: 28896
Data envio: 17/07/2025 10:27:48.175

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:27:48

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:33:35
Nº Rexistro: 28897
Data envio: 17/07/2025 10:33:35.262

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
10:29
Por Patricia García G

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

O día 28 de outubro de 2024 aprobábase no Consello da Xunta de Galicia o Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do proxecto Xestión sostible e baixo un enfoque ecosistémico dos stocks de poliquetos de interese comercial en Galicia: valorización do recurso e avance no coñecemento da súa bioloxía e ecoloxía (Polychaeta II), para o período 2024-2026.

Isto permitirá a realización de propostas de valorización do cebo autóctono e obter información sobre a bioloxía e ecoloxía dos poliquetos explotados que poida empregarse na xestión das súas pesqueiras. Este proxecto desenvolverase no marco de Redemar, a rede pioneira posta en marcha polo Goberno Galego entre o sector pesqueiro e os organismos científicos galegos, na que, a parte da UDC, tamén colaborará o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

Estes traballos tamén permitirán confirmar a presenza de poboacións de cebo exótico (miñoca coreana) nas costas galegas e a proposta de distintas métricas ou índices ecosistémicos para facer un seguimento da saúde dos hábitats. Este acordo súmase aos aprobados nos últimos meses coas universidades galegas, que permiten reforzar a investigación mariña como instrumento esencial para a procura de medidas para mellora dos recursos mariños e da súa rendibilidade.

Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define as políticas de investigación e innovación da Comunidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. A canto ascende a contía total do convenio asinado pola Xunta de Galicia e a UDC para a xestión sostible dos poliquetos de interese comercial e cales son as accións que se van a acometer con esta sinatura?

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:29
Por María Deza Martínez

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:29
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:33:35
Nº Rexistro: 28897
Data envio: 17/07/2025 10:33:35.262

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:33:35
Nº Rexistro: 28897
Data envio: 17/07/2025 10:33:35.262

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 17/07/2025 10:29:21
María Deza Martínez na data 17/07/2025 10:29:29
Patricia García González na data 17/07/2025 10:29:38
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 10:29:47
Manuel Santos Costa na data 17/07/2025 10:30:04,17/07/2025 10:30:51
Raúl Santamaría González na data 17/07/2025 10:30:15
Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 10:30:24
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 10:30:35
Jesús María Fernández Rosende na data 17/07/2025 10:31:59

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:33:35
Nº Rexistro: 28897
Data envio: 17/07/2025 10:33:35.262

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:33:36

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:35:38
Nº Rexistro: 28899
Data envio: 17/07/2025 10:35:38.127

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
10:34
Por Paula Prado del R

Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e **Katherinie Varela Fernández,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2018 a Estratexia Galicia Retorna, actualmente na súa Estratexia 2023-2026. Con diversas liñas de actuación e, en colaboración con todos os departamentos da administración autonómica, ten por obxecto brindar ás persoas retornadas o apoio necesario para a súa chegada á nosa comunidade e garantir o seu benestar.

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:34
Por Alberto Pazos Couñago

O Goberno galego, a través da Secretaría Xeral da Emigración, conta cunha liña de axudas asistenciais para os emigrantes galegos retornados e os seus fillos, coa finalidade de apoialos á hora de facer fronte aos gastos derivados da seu regreso a Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal foi a evolución e cal é a finalidade das axudas extraordinarias ao retorno que ofrece a Secretaría Xeral da Emigración?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:33
Por Víctor Baladrón Lamas

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:35:38
Nº Rexistro: 28899
Data envio: 17/07/2025 10:35:38.127

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 10:33:51
Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2025 10:34:03
Paula Prado del Rio na data 17/07/2025 10:34:17
Julio García Comesaña na data 17/07/2025 10:34:27
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 10:34:41
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 10:34:54
María Felisa Rodriguez Carrera na data 17/07/2025 10:35:04
Roberto Rodríguez Martínez na data 17/07/2025 10:35:12
Katherinie Varela Fernández na data 17/07/2025 10:35:22

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:35:38
Nº Rexistro: 28899
Data envio: 17/07/2025 10:35:38.127

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:35:38

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:37:36
Nº Rexistro: 28900
Data envio: 17/07/2025 10:37:36.032

Asinado o día 17/07/2
10:37
Por Sonia Vidal Lama

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenrández e **Sonia Vidal Lamas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:37
Por Secundino Fernández Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lingua azul é unha enfermidade vírica, non contaxiosa, de Declaración Obligatoria (Real Decreto 779/2023) transmitida pola picadura dun mosquito vector do xénero Culicoides cuxos meses de actividade se centran nas etapas de temperaturas suaves, de xeito que a tempada libre da súa presenza, coma no caso de moitos insectos, é o inverno. A gravidade da enfermidade varía segundo as especies, en algúns casos coa perda de peso, problemas respiratorios, reprodutivos ou incluso a morte, afectándolles de maneira diferente.

No 2023, comezouse a levar a cabo un programa de vacinación por parte da Xunta de Galiza co cal se prevén a enfermidade clínica e se interrompe o ciclo do virus no medio ambiente, co que se tratan de minimizar as perdas económicas derivadas da afectación dos animais. A vacinación iniciouse o 7 de marzo de 2023 cun investimento de 2,4 millóns de euros e nela participou persoal propio da Xunta de Galiza, persoal contratado, veterinarios de ADSG e persoal veterinario privado. Dito programa vacinal, tanto no 2023 coma no 2024, tivo serias eivas que se repetiron ao longo das dúas campañas sen seren corrixidas, derivadas na maior parte dos casos, dunha falla evidente de persoal e por unha falla de organización por o motivo anterior.

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:36
Por Ariadna Fernández González

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:37:36
Nº Rexistro: 28900
Data envio: 17/07/2025 10:37:36.032

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación epidemiolóxica dende a chegada novamente da lingua azul ao estado español deixou, na tempada 22-23 80 focos, dos cales 4 se localizaron no noso país. No seguinte intervalo anual 23-24 foron 125 focos no estado e 7 en Galiza, evidenciando a circulación da enfermidade entre a nosa cabana gandeira. Actualmente, o número de focos rexistrados a nivel estatal ascende a 2134, mentres no noso caso mantemos libre de diagnoses positivas tanto o gando bovino coma o ovino, aínda que o risco de circulación sexa evidente a xulgar pola evolución do resto das áreas.

A pesares desta situación, na actualidade, estase a someter a consulta pública ate o 14 de febreiro, o cambio de estratexia de loita contra a lingua azul, pasando dunha estratexia de erradicación con declaración e vacinación obrigatoria e unha vacinación voluntaria por parte dos propietarios sen restrición de movementos no estado, exceptuando os arquipélagos, como se informou dende a Consellería de Medio Rural recentemente.

Dende a subdirección Xeral de Gandería informouse estas pasadas semanas do resumo do cambio, que suporá, segundo o propio comunicado, a consideración de todo o territorio peninsular coma zona suspendida fronte a serotipos 1,3,4, e 8, pasando a ser voluntaria a vacinación dos citados serotipos no estado, coa eliminación dos requisitos específicos da lingua azul para o movemento de bovinos e ovinos, sen que se esixa a vacinación dos animais maiores de 3 meses nin a desinsectación dos vehículos.

A realidade é que por parte do goberno do estado e da Xunta de Galiza, recoñecen unha ampla distribución dos diferentes serotipos no territorio no 2024, de xeito que a enfermidade continúa presente entre a nosa cabana gandeira, máis tamén indican que a falla de stock de vacinas de determinados serotipos imposibilitan a inmunización do gando antes da fin do período sen vector, de xeito que se confirma a xestión deficiente neste caso, que en Galiza comprobamos dende o comezo dos programas de vacinación, que en ningún momento foron levados a cabo de xeito

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:37:36
Nº Rexistro: 28900
Data envio: 17/07/2025 10:37:36.032

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ordenado e con resultados proveitosos, cos problemas asociados que se lle crearon tanto a gandeiros/as coma a tratantes ao carecer de información actualizada e estar fallos de persoal que levase a cabo o programa de inmunización.

Manter o estado sanitario da cabana gandeira é unha responsabilidade que non lles compete aos gandeiros/as en exclusiva, que non pode deixarse, tras todos os focos rexistrados no pasado ano, acollida á potestade das persoas titulares das explotacións de vacinar fronte á lingua azul e que debe manterse de xeito responsable para garantir a bioseguridade de todas e todos e non arriscar ao sector ovino e bovino a unha crise sanitaria novamente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Ten capacidade a Consellería de Medio Rural para levar a cabo a vacinación da cabana gandeira galega no caso de seguir facéndose de xeito obrigatorio?

. Prevé a Xunta de Galiza un aumento do risco sanitario derivado da suspensión da obrigatoriedade da vacinación da lingua azul?

. Considera a Xunta de Galiza que os titulares das explotacións deben responsabilizarse dunha decisión que responde a criterios sanitarios e que afecta á cabana gandeira do país?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:37:36
Nº Rexistro: 28900
Data envio: 17/07/2025 10:37:36.032

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 17/07/2025 10:36:55
Secundino Fernández Fernández na data 17/07/2025 10:37:06
Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 10:37:17

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:37:36
Nº Rexistro: 28900
Data envio: 17/07/2025 10:37:36.032

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:37:36

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:38:42
Nº Rexistro: 28904
Data envio: 17/07/2025 10:38:42.707

Asinado o día 17/07/2
Por María Encarnació
Díaz

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:36
Por Ethel Vázquez Mourelle

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:36
Por Noelia Pérez López

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O 20 de novembro de 2024 publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) o Real Decreto 1155/2024, de 19 de novembro, que aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Este regulamento entrará en vigor en maio de 2025.

Este novo Real Decreto derroga o Real Decreto 629/2022, de 26 de xullo, que introducira unha necesaria actualización da normativa migratoria vinculada ao ámbito laboral. Entre os seus obxectivos destacábanse:

- Corrixir o desfasamento da normativa para cubrir as necesidades e desaxustes do mercado de traballo actual.

- Simplificar os procedementos administrativos que dificultaban ás empresas a contratación de persoas traballadoras por vías regulares.

- Introducir novas posibilidades, como as accións formativas de curta duración (microcredenciais) e o arraigo para a formación, que permitían ás persoas migrantes en situación irregular regularizar a súa situación a través da formación.

Ao abeiro desta normativa, a Xunta de Galicia desenvolveu tres proxectos piloto que lograron resultados notables: o 100% dos participantes obtiveron autorizacións de residencia e o 70% delas foron combinadas con autorizacións de traballo, cun impacto positivo no mercado laboral galego**.**

Con todo, o novo Real Decreto 1155/2024 elimina a vía das microcredenciais como unha opción para o arraigo a través da formación. Esta decisión ignora a realidade de moitas persoas en situación irregular que desexan traballar e as obriga a recorrer a autorizacións máis limitadas, como o arraigo laboral e social. Ademais, esta eliminación contradí a Recomendación do Consello de Europa do 16 de xuño de 2022, que subliña a importancia das microcredenciais para unha aprendizaxe permanente, máis flexible e adaptada ás necesidades das persoas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:38:42
Nº Rexistro: 28904
Data envio: 17/07/2025 10:38:42.707

Dita recomendación destaca, ademais, que as microcredenciais son unha ferramenta clave para promover a inclusión e a accesibilidade á formación, especialmente en colectivos como persoas migrantes e refuxiadas. Tamén se fai fincapé na necesidade de desenvolver estratexias que permitan integrar eficazmente estes grupos nos sistemas de educación, formación e emprego, dada a previsión de aumento de persoas refuxiadas e solicitantes de asilo.

A Xunta de Galicia, consciente da importancia da poboación migrante para abordar o reto demográfico e cubrir as vacantes laborais en sectores con escaseza de man de obra (como a agricultura, a construción ou a hostalería), presentou alegacións durante o trámite de información pública do proxecto deste Real Decreto. Estas alegacións, ignoradas polo Goberno de España, destacaban:

1. A necesidade de reducir a fenda entre as competencias adquiridas pola poboación migrante e as demandas do mercado laboral.

2. A importancia de axustar as ofertas formativas ás circunstancias vitais das persoas en situación irregular como unha vía para a súa regularización.

3. A urxencia de atender as demandas do tecido produtivo galego e os continuos cambios no mercado laboral.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da decisión de eliminar no Real Decreto 1155/2024, de 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España a vía formativa das microcredenciais como unha das posibilidades do arraigo para a formación?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:38:42
Nº Rexistro: 28904
Data envio: 17/07/2025 10:38:42.707

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 17/07/2025 10:36:05
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 10:36:23
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 10:36:38
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 10:36:58
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 10:37:08
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 10:37:19
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 10:37:31
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 10:37:42
Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 10:37:49

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:38:42
Nº Rexistro: 28904
Data envio: 17/07/2025 10:38:42.707

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:38:43

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:39:16
Nº Rexistro: 28906
Data envio: 17/07/2025 10:39:16.363

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 17/07/2
10:36
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de reformular o novo CIS Olimpia Valencia en Vigo.

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:36
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou a apertura do novo Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia como un fito na ampliación da infraestrutura sanitaria e un mecanismo para mellorar a situación de colapso da Atención Primaria na cidade de Vigo. Porén a realidade é que o novo centro non só vai levar aparellado a substitución do Centro de Saúde López Mora, como prometera a Xunta nos últimos anos; senón que a poucos meses da súa apertura a Consellería de Sanidade vén de dar a coñecer que, vinculado á apertura do novo CIS, vai executar o peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.

Ademais do peche de 2 centros de saúde, algunhas das dotacións recollidas no Plan Funcional inicial como espazos de tratamento e sistemas integrados de imaxe médica, xa non se contemplan no novo programa. Por tanto, dende o punto de vista do déficit infraestrutural que padece a cidade, a apertura do novo centro xa non vai supor a ampliación de espazos anunciada nun inicio.

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:36
Por Alexandra Fernández Gómez

Mais a maior estafa ten a ver coa falla total de dotación de profesionais de nova contratación. A pretensión da Xunta é facer unha política unicamente de traslado de profesionais dende outros centros de saúde cara o novo CIS Olimpia Valencia. En total prevén trasladar 32 profesionais tanto do Centro de Saúde López Mora como do Nicolás

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:39:16
Nº Rexistro: 28906
Data envio: 17/07/2025 10:39:16.363

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Peña que pecharía aos que se sumarían 17 do Centro de Saúde Pintor Colmeiro, 22 do de Coia, 3 de Rúa Cuba, 1 de Rosalía e 2 de Beiramar. En total 105 profesionais que, supoñen un 20% menos da capacidade prevista. É dicir, o novo centro vai estar infradotado e nin tan sequera vai supor a incorporación de máis profesionais á rede asistencial da cidade, senón que se baleiran outros centros para dotar o novo.

Por se fose pouco, o novo CIS Olimpia Valencia pretende inaugurar un novo modelo de xestión na Atención Primaria que o único que persegue é a concentración da atención e de recursos en grandes centros, en lugar de soster unha rede capilar e de proximidade. Vémolo no feito de que o novo centro prevé non só integrar a actividade e a poboación dos dous centros que se pechan, senón tamén unha parte dos Centros de Saúde de Coia, Rúa Cuba, Rosalía de Castro e Beiramar e a totalidade da poboación pediátrica dos dous centros que pechan, máis a dos centros de Saúde de Colmeiro e Coia. Isto último é especialmente grave xa que impide a atención continuada dende a infancia até a adultez, a abordaxe familiar e a posibilidade dunha acción comunitaria eficaz.

Esta política de concentración en macrocentros é apenas unha aposta da Xunta do PP para poder seguir espremendo e recortando a Atención Primaria a costa de perder calidade na atención sanitaria. É por iso que a posta en marcha do novo CIS Olimpia Valencia está contando cun forte rexeitamento por parte dos profesionais sanitarios cos que a Xunta non está contando para definir o futuro do novo centro.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai a Xunta de Galiza reformular o novo CIS Olimpia Valencia de forma consensuada cos traballadores, procurando reforzar e mellorar a rede de atención primaria de Vigo?

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:39:16
Nº Rexistro: 28906
Data envio: 17/07/2025 10:39:16.363

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Por que a Xunta de Galiza se nega a contratar novo persoal para dotar o novo CIS Olimpia Valencia?

- Por que a Xunta de Galiza prevé contratar un 20% menos de profesionais do que permite a súa capacidade?

- Por que a Xunta de Galiza non mantén en funcionamento o Centro de Saúde Nicolás Peña, tal e como prometera e como reclaman os profesionais?

- Por que a Xunta de Galiza vai concentrar no novo CIS Olimpia Valencia a atención pediátrica de 4 Centros de Saúde?

- Considera que este modelo de concentración asistencial mellora a calidade asistencial?

- Como vai afectar estas medidas aos Centros de Saúde de Coia, Cuba, Beiramar e Rosalía?

- Considera a Xunta que segue vixente o Plan Funcional de 2019 ou ten unha nova planificación para a cidade de Vigo?

- Ten previsto trasladar máis profesionais desde outros centros de saúde para dotar o CIS Olimpia Valencia? Cales? Con que xustificación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:39:16
Nº Rexistro: 28906
Data envio: 17/07/2025 10:39:16.363

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/07/2025 10:36:01
Carmela González Iglesias na data 17/07/2025 10:36:13
María Montserrat Prado Cores na data 17/07/2025 10:36:22
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/07/2025 10:36:28

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:39:16
Nº Rexistro: 28906
Data envio: 17/07/2025 10:39:16.363

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:39:17

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:41:37
Nº Rexistro: 28910
Data envio: 17/07/2025 10:41:37.259

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
10:40
Por Paula Prado del R

Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e **Katherinie Varela Fernández,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A relación de Galicia coa súa diáspora é un dos seus maiores sinais de identidade, reflectindo o compromiso histórico da nosa terra cos galegos e galegas que residen fóra das súas fronteiras.

En 2024, a Xunta de Galicia reforzou este compromiso mediante políticas sociais, culturais e económicas que beneficiaron a miles de galegos no exterior. Máis de 30.000 familias foron atendidas a través de programas específicos que buscaban non só apoiar ás comunidades galegas espalladas polo mundo, senón tamén facilitar o retorno daqueles que queren establecerse de novo na súa terra de orixe.

Estas iniciativas ofreceron apoio en ámbitos tan diversos como o emprendemento, o acceso á educación, a integración laboral ou a preservación da nosa cultura e tradición.

Ademais, permitiron consolidar vínculos coas novas xeracións da diáspora, asegurando que Galicia permaneza no corazón dos seus descendentes e sexa percibida como unha terra de oportunidades para regresar.

Este impacto positivo tamén se reflicte na consolidación dun saldo migratorio favorable, que é unha mostra clara do éxito destas políticas.

Con todo, é fundamental analizar en profundidade o balance das actuación desenvolvidas para garantir que estas políticas sigan evolucionando e adaptándose ás necesidades dos galegos no exterior e dos que optan por regresar.

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:39
Por Alberto Pazos Couñago

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:39
Por Víctor Baladrón Lamas

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:41:37
Nº Rexistro: 28910
Data envio: 17/07/2025 10:41:37.259

Este traballo é clave para que Galicia siga sendo un referente no apoio á súa emigración e unha terra acolledora e próspera para todos os seus habitantes.

Polo exposto os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Que valoración fai o Goberno galego do impacto das medidas sociais e programas de apoio ao retorno?

2.- Cales foron os principais logros e retos identificados ao atender as máis de 30.000 familias beneficiadas?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:41:37
Nº Rexistro: 28910
Data envio: 17/07/2025 10:41:37.259

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 10:39:44
Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2025 10:39:55
Paula Prado del Rio na data 17/07/2025 10:40:13
Julio García Comesaña na data 17/07/2025 10:40:24
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 10:40:35
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 10:40:50
María Felisa Rodriguez Carrera na data 17/07/2025 10:41:02
Roberto Rodríguez Martínez na data 17/07/2025 10:41:11
Katherinie Varela Fernández na data 17/07/2025 10:41:21

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:41:37
Nº Rexistro: 28910
Data envio: 17/07/2025 10:41:37.259

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:41:37

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:45:00
Nº Rexistro: 28912
Data envio: 17/07/2025 10:45:00.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas e **Secundino Fernández Fernández**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa a fortalecer e expandir o Banco de Sementes Tradicionais Galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As sementes tradicionais son moito máis ca unha ferramenta de produción: representan un compoñente esencial do patrimonio biocultural galego. Ao longo dos séculos, as labregas e os labregos da nosa terra seleccionaron, melloraron e conservaron variedades adaptadas ás condicións específicas do clima, do solo e das prácticas agrarias locais. Este traballo, transmitido de xeración en xeración, conforma unha base de biodiversidade que está profundamente ligada á nosa cultura, á nosa economía rural e á soberanía alimentaria.

Na actualidade, este legado está en risco debido a múltiples factores. A industrialización do sector agrario levou á progresiva substitución das variedades tradicionais por sementes comerciais, promovidas por grandes multinacionais. Estas sementes, moitas veces xeneticamente uniformes, poden ofrecer maiores rendementos iniciais en condicións óptimas, pero son altamente dependentes de insumos externos, como fertilizantes e pesticidas químicos, incrementando os custos de produción e a dependencia das explotacións agrarias galegas de empresas estranxeiras. Ademais, estas sementes non están adaptadas ás especificidades do territorio galego e contribúen á perda de biodiversidade, un proceso que empobrece a resiliencia do sector primario

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:44
Por Secundino Fernández Fernández

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:44
Por Sonia Vidal Lamas

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:45:00
Nº Rexistro: 28912
Data envio: 17/07/2025 10:45:00.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fronte aos retos actuais, como o cambio climático ou as crises alimentarias que demanda variedades adaptadas aos nosos ecosistemas e prácticas agroecoloxicas sostibles.

Por outro lado, as sementes tradicionais galegas teñen demostrado unha capacidade de adaptación e resistencia ás condicións climáticas e ambientais do noso país. Estas variedades autóctonas non só ofrecen un mellor rendemento en condicións adversas, senón que tamén son máis sustentables desde o punto de vista ambiental, xa que requiren menos insumos externos. Ademais, contribúen a manter a calidade e a singularidade dos produtos agrarios galegos, reforzando a súa competitividade no mercado. Porén, o uso destas sementes está a diminuír rapidamente, debido á falta de apoio institucional e á presión dun sistema agroindustrial que privilexia a uniformidade e a produtividade intensiva.

A creación e reforzo dun Banco de Sementes Tradicionais Galegas é un paso fundamental para reverter esta situación. Non só se trata de conservar a biodiversidade agrícola, senón tamén de fortalecer o modelo produtivo agroecolóxico. Este modelo pon no centro ás labregas e labregos, garantindo a súa capacidade para decidir sobre o que producen e como o fan, en vez de depender de decisións impostas por grandes corporacións ou intereses alleos á realidade galega.

Actualmente, existe un esforzo por preservar sementes tradicionais, pero os recursos e a estrutura do sistema son insuficientes para facer fronte ás necesidades reais do sector. Galiza conta co Banco de Sementes do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), que realiza un labor valioso de conservación ex situ e investigación. Este banco é unha ferramenta cientifica fundamental, centrada na preservación da biodiversidade agrícola e no estudo das variedades tradicionais. Non obstante, existen áreas nas que o modelo actual pode e debe ser complementado para resonder mellor ás necesidades prácticas do sector primario galego.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:45:00
Nº Rexistro: 28912
Data envio: 17/07/2025 10:45:00.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sistema actual está fortemente centralizado e ten unha orientación técnica, con limitada participación directa das comunidades labregas. Isto limita o impacto práctico do Banco de Sementes na vida cotiá das explotacións agrarias, especialmente as pequenas e medianas, que son as que mais dependen das sementes autóctonas.

Polo tanto, é preciso dotar ao Banco de Sementes dunha infraestrutura descentralizada e dun enfoque participativo, que involucre de maneira activa ás comunidades labregas en todo o proceso de recollida, conservación e multiplicación das sementes. Isto permitirá democratizar o acceso a este recurso vital, fortalecendo a soberanía alimentaria e a viabilidade económica das explotacións familiares.

Ademais, a creación dun sistema de reserva estratéxica de sementes tradicionais galegas é esencial para responder ás emerxencias provocadas por desastres naturais, pragas ou outras crises agrarias. As recentes alteracións climáticas, como secas prolongadas e choivas torrenciais, xa están a afectar o sector primario galego, e as sementes tradicionais poden desempeñar un papel clave para garantir a continuidade da produción en situacións de incerteza.

Neste sentido, desde o BNG apostamos por fortalecer a investigación en colaboración con universidades e centros especializados galegos, unha colaboración que permitirá mellorar a produtividade e a resiliencia das variedades autóctonas, adaptándoas aínda máis aos retos do futuro sen comprometer a súa identidade xenética. Estas medidas teñen que ir acompañadas dun programa amplo de divulgación e formación que asegure que as novas xeracións de labregas e labregos teñan as ferramentas necesarias para conservar e utilizar estas sementes de maneira efectiva.

Por todo o exposto, queda moi ás claras que a preservación, promoción e uso das sementes tradicionais galegas son unha cuestión estratéxica que transcende o sector agrario. Trátase de protexer a nosa soberanía alimentaria, fortalecer a nosa economía

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:45:00
Nº Rexistro: 28912
Data envio: 17/07/2025 10:45:00.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rural, combater a emerxencia climática e preservar o patrimonio cultural que define a nosa identidade como pobo.

Finalmente, o reforzo do Banco de Sementes existente é necesario, mais tamén a súa ampliación cunha visión más descentralizada, participativa e orientada á práctica, no marco dun modelo que complemente o traballo científico do CIAM cun sistema de nodos territoriais para facilitar o acceso ás sementes, promover a formación e o intercambio, e integrar á comunidade labrega na gobernanza e uso do Banco. Ademais, é fundamental impulsar medidas que conecten a preservación das sementes co desenvolvemento económico do rural, como a promoción dos circuítos curtos de comercialización e a vinculación das variedades autóctonas coa calidade diferenciada dos produtos galegos.

En consecuencia, esta iniciativa representa un paso adiante para garantir a continuidade das sementes tradicionais galegas como motor dunha agricultura sostible, resiliente e conectada coas necesidades das comunidades labregas, situando o noso país na vangarda dun modelo agrícola máis xusto, sustentable e soberano, e poñendo en valor o traballo das labregas e labregos que, ao longo dos séculos, forxaron a riqueza agrícola da nosa terra.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Como se planifica a descentralización do Banco de Sementes para garantir que as pequenas explotacións agrarias de todo o territorio galego poidan acceder ás sementes autóctonas sen depender dunha infraestrutura centralizada?

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:45:00
Nº Rexistro: 28912
Data envio: 17/07/2025 10:45:00.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que medidas se tomarán para involucrar activamente ás comunidades labregas na xestión, recollida e conservación das sementes, e garantir un enfoque participativo real en todo o proceso?

3. Que recursos se asignarán concretamente no orzamento da Xunta para apoiar a ampliación do Banco de Sementes, e cal será a súa distribución entre as distintas áreas (recollida, conservación, formación)?

4. Ten a Xunta de Galiza pensado mecanismos que se implementarán para integrar as sementes autóctonas galegas nos circuítos curtos de comercialización e asegurar a súa presenza nos mercados locais, promovendo así a súa competitividade?

5. Como se garantizará a preservación das sementes tradicionais galegas fronte aos desafíos do cambio climático, e que medidas específicas se tomarán para que as variedades autóctonas sigan sendo resilientes a condicións ambientais extremas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:45:00
Nº Rexistro: 28912
Data envio: 17/07/2025 10:45:00.492

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 10:44:21

Secundino Fernández Fernández na data 17/07/2025 10:44:35

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:45:00
Nº Rexistro: 28912
Data envio: 17/07/2025 10:45:00.492

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:45:01

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:48:11
Nº Rexistro: 28913
Data envio: 17/07/2025 10:48:11.937

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
10:46
Por Paula Prado del R

Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e **Katherinie Varela Fernández,** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O Estatuto da cidadanía española no exterior, aprobado mediante a Lei 40/2006, do 15 de decembro, configúrase como un marco xurídico que garante ás persoas residentes no exterior o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais, establece no seu artigo 5 a asistencia e protección, por parte da Administración Xeral do Estado e as súas comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias, daquelas persoas residentes no exterior que se atopen en situación de necesidade.

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:46
Por Alberto Pazos Couñago

A Xunta de Galicia, en materia de emigración, establece como unha das súas áreas de actuación prioritaria a atención socio-asistencial digna para todas as persoas galegas residentes no exterior diversos programas co obxectivo de paliar a carencia de medios económicos e afrontar as necesidades básicas de subsistencia e atención sociosanitaria.

Con isto, o Goberno autonómico, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pretende, nunha actuación coordinada co goberno central, consolidar una política de atención e protección das persoas galegas residentes no exterior.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas adoptadas en materia social a favor das persoas galegas residentes no exterior?

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:46
Por Víctor Baladrón Lamas

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:48:11
Nº Rexistro: 28913
Data envio: 17/07/2025 10:48:11.937

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:48:11
Nº Rexistro: 28913
Data envio: 17/07/2025 10:48:11.937

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 10:46:16
Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2025 10:46:30
Paula Prado del Rio na data 17/07/2025 10:46:43
Julio García Comesaña na data 17/07/2025 10:46:52
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 10:47:04
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 10:47:18
María Felisa Rodriguez Carrera na data 17/07/2025 10:47:33
Roberto Rodríguez Martínez na data 17/07/2025 10:47:43
Katherinie Varela Fernández na data 17/07/2025 10:47:54

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:48:11
Nº Rexistro: 28913
Data envio: 17/07/2025 10:48:11.937

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:48:12

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:51:41
Nº Rexistro: 28916
Data envio: 17/07/2025 10:51:41.443

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2 Por María Encarnació Díaz
Asinado o día 17/07/2025 ás 10:48 Por Ethel Vázquez Mourelle
Asinado o día 17/07/2025 ás 10:48 Por Noelia Pérez López

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O 1 de xaneiro debía ter entrado en vigor en España a transposición da Directiva Europea 220/285, que introduce o réxime do IVE franquiciado, como novidade. no que respecta ao sistema común do imposto sobre o valor engadido para pequenas empresas.

Esta normativa, deseñada para aumentar a competitividade de autónomos e pemes, exime do pago do IVE a aqueles que facturen menos de 85.000 euros anuais, eliminando así unha carga administrativa e fiscal significativa.

Gracias a esta directiva, aqueles autónomos con ingresos inferiores a ese limiar poderían escoller entre o réxime xeral do IVE ou acollerse ao novo réxime de franquía, o que lles permitiría non liquidar o IVE trimestral nin anualmente, nin emitir facturas con IVE.

Unha medida de calado en Galicia onde o sector representa preto do 20% das afiliacións, case 4 puntos por enriba da media nacional. Publicada no Diario Oficial da Unión Europea o 2 de marzo de 2020, a directiva fixaba o 31 de decembro de 2024 como data límite para a súa transposición, deixando ademais aos Estados membros a posibilidade de axustar o limiar de 85.000 € ou limitar a súa aplicación a sectores concretos.

Porén, mentres que noutros países da UE esta medida xa está en marcha, en España segue pendente de aprobación. Hai uns días, a Comisión Europea abriu tres expedientes sancionadores contra España por non aplicar varias normativas clave para aliviar a carga financeira e burocrática das pequenas e medianas empresas:

A Directiva 2022/542, que modifica os tipos impositivos do IVE.

A Directiva 2023/2775, que establece os criterios de tamaño para clasificar ás empresas en función da súa dimensión.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

E a máis importante, a Directiva 220/285, que debía ter entrado en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e que permitiría a autónomos e pemes acollerse ao IVE franquiciado.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego do impacto para os autónomos e pemes de Galicia da non trasposición do Goberno de España da Directiva Europea 220/285, que introduce o réxime do IVE franquiciado?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:51:41
Nº Rexistro: 28916
Data envio: 17/07/2025 10:51:41.443

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 17/07/2025 10:48:19
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 10:48:27
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 10:48:39
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 10:48:48
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 10:48:58
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 10:49:11
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 10:49:19
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 10:49:30
Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 10:49:37

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:51:41
Nº Rexistro: 28916
Data envio: 17/07/2025 10:51:41.443

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:51:42

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:54:27
Nº Rexistro: 28917
Data envio: 17/07/2025 10:54:27.490

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
10:53
Por Paula Prado del R

Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e **Katherinie Varela Fernández,** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A atracción de persoas de alta cualificación á nosa comunidade é un dos principais obxectivos da Estratexia Galicia Retorna que ten en marcha a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Para iso, anualmente o Goberno galego convoca, entre outros programas, as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior. Unha liña de axudas dirixida aos mozos que residen no estranxeiro que brinda a oportunidade de cursar un máster na universidade pública galega.

Esta formación complementaria trae consigo diferentes finalidades, xa que incentiva que fixen a súa residencia na nosa comunidade, a incorporación ao mercado laboral galego unha vez rematados os seus estudos e, a maiores, a aportación de riqueza e talento ao noso tecido empresarial.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior convocadas pola Secretaría Xeral da Emigración?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:52
Por Alberto Pazos Couñago

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:52
Por Víctor Baladrón Lamas

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:54:27
Nº Rexistro: 28917
Data envio: 17/07/2025 10:54:27.490

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 10:52:39
Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2025 10:52:50
Paula Prado del Rio na data 17/07/2025 10:53:02
Julio García Comesaña na data 17/07/2025 10:53:12
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 10:53:23
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 10:53:37
María Felisa Rodriguez Carrera na data 17/07/2025 10:53:49
Roberto Rodríguez Martínez na data 17/07/2025 10:53:58
Katherinie Varela Fernández na data 17/07/2025 10:54:09

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:54:27
Nº Rexistro: 28917
Data envio: 17/07/2025 10:54:27.490

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:54:28

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:00:49
Nº Rexistro: 28919
Data envio: 17/07/2025 11:00:49.968

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
10:59
Por Paula Prado del R

Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e **Katherinie Varela Fernández,** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:59
Por Alberto Pazos Couñago

A Estratexia Galicia Retorna, desde a súa posta en marcha na nosa Comunidade, está contribuíndo a reverter o saldo migratorio rexistrando ano tras ano un saldo migratorio positivo, e como consecuencia contribuíndo a que Galicia gañe poboación gracias ao retorna das persoas emigradas. Cabe subliñar que os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) marcan un fito importante para a nosa Comunidade, xa que por terceiro ano consecutivo conseguiuse unha cifra histórica de retorno.

Cada ano son máis os galegos e galegas que deciden regresar tras un longo ou curto período fóra da súa casa e asentarse en Galicia.

Conscientes de que os retornados favorecen a competitividade da sociedade galega, o Goberno galego leva anos reforzando a súa aposta por ese regreso, e faino a través da ambiciosa Estratexia Retorna 2023-2026, que da continuidade á posta en marcha no ano 2018, incrementando as partidas e actuacións.

Un dos puntos desta Estratexia é a xestión integral do retorno a través da Oficina de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, un servizo que presta atención personalizada nas áreas social, educativa e laboral, coa finalidade de que, desde o inicio, poidan ter un contacto directo e único para facilitar a súa chegada e así comezar unha nova vida en Galicia.

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:59
Por Víctor Baladrón Lamas

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:00:49
Nº Rexistro: 28919
Data envio: 17/07/2025 11:00:49.968

Como se adaptou a Estratexia Galicia Retorna en función das demandas das persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:00:49
Nº Rexistro: 28919
Data envio: 17/07/2025 11:00:49.968

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 10:59:03
Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2025 10:59:16
Paula Prado del Rio na data 17/07/2025 10:59:27
Julio García Comesaña na data 17/07/2025 10:59:38
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 10:59:50
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 11:00:03
María Felisa Rodriguez Carrera na data 17/07/2025 11:00:15
Roberto Rodríguez Martínez na data 17/07/2025 11:00:23
Katherinie Varela Fernández na data 17/07/2025 11:00:32

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:00:49
Nº Rexistro: 28919
Data envio: 17/07/2025 11:00:49.968

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:00:50

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:03:31
Nº Rexistro: 28921
Data envio: 17/07/2025 11:03:31.392

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:59
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:59
Por Ethel Vázquez Mourelle

Asinado o día 17/07/2025 ás 10:59
Por Noelia Pérez López

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

As cooperativas son sociedades de capital variable que, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta de todos os socios.

A súa finalidade consiste en prestar servizos e satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios mediante a súa participación activa e con interese pola comunidade. Contan cunha estrutura e xestión democráticas, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, distribuíndose os resultados económicos en función da actividade cooperativizada realizada.

O auxe do cooperativismo en Galicia, concretamente na zona de Ferrolterra, ten o seu reflexo no número de entidades deste tipo que están activas neste momento, un total de 124, sendo 19 máis que as que había antes da pandemia.

Este modelo de emprendemento demostrou a súa capacidade de resistencia. Por municipios, son Ferrol (29), e Narón (22), os que máis entidades destas características aportan ao total. Despois, están Monfero e Valdoviño, con dez cada unha, e Fene e As Pontes, con oito.

Son tres os concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal onde non hai ningunha constituída na actualidade, tratándose de Cariño, Mañón e Mugardos.

As de traballo asociado son as maioritarias e conforman máis da metade do total (66), seguidas das agrarias (26) e das de consumidores (7). As de vivenda, ensino e xuvenís de traballo contan cun total de cinco.

Neste sentido, o Goberno galego aposta por seguir avanzando, da man de todos os axentes implicados, na nova Lei de cooperativas de Galicia, coa que se quere adaptar a norma á realidade actual. Isto traducirase na axilización da creación de novas entidades, así como na consolidación das xa existentes, dándolle pulo ao Rexistro autonómico de cooperativas.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia do cooperativismo na Comunidade?

2. Cales son os datos relativos ás cooperativas en cada unha das provincias galegas?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:03:31
Nº Rexistro: 28921
Data envio: 17/07/2025 11:03:31.392

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 17/07/2025 10:59:44
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 10:59:53
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 11:00:02
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 11:00:13
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 11:00:31
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 11:01:15
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 11:01:26
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 11:01:38
Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 11:01:44

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:03:31
Nº Rexistro: 28921
Data envio: 17/07/2025 11:03:31.392

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:03:32

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:08:12
Nº Rexistro: 28923
Data envio: 17/07/2025 11:08:12.787

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2 11:06 Por Paula Prado del R

Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e **Katherinie Varela Fernández,** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Secretaría Xeral da Emigración ten, entre outros obxectivos, o de manter o contacto das persoas galegas residentes no exterior coa súa comunidade de orixe, Galicia.

Para iso, a Xunta de Galicia promove diferentes programas, que posibilitan que persoas de todas as idades poidan vir a Galicia a coñecer a realidade actual, o patrimonio, a realizar tramos dos diferentes Camiños, a realizar voluntariado ou a visitar aos seus familiares, entre outras.

Sen dúbida, é unha experiencia única e, a maiores, constitúe unha oportunidade para que poidan valorar un retorno á nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cales son os programas dos que dispón a Secretaría Xeral da Emigración para manter os vínculos coas persoas galegas residentes no exterior?

2.- Cal é o balance e o número de persoas participantes nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:06 Por Alberto Pazos Couñago

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:06 Por Víctor Baladrón Lamas

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:08:12
Nº Rexistro: 28923
Data envio: 17/07/2025 11:08:12.787

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 11:06:21
Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2025 11:06:34
Paula Prado del Rio na data 17/07/2025 11:06:45
Julio García Comesaña na data 17/07/2025 11:06:55
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 11:07:07
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 11:07:21
María Felisa Rodriguez Carrera na data 17/07/2025 11:07:33
Roberto Rodríguez Martínez na data 17/07/2025 11:07:43
Katherinie Varela Fernández na data 17/07/2025 11:07:54

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:08:12
Nº Rexistro: 28923
Data envio: 17/07/2025 11:08:12.787

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:08:13

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:09:41
Nº Rexistro: 28924
Data envío: 17/07/2025 11:09:41.929

Asinado o día 17/07/2
11:01
Por Dolores Hermelo

Asinado o día 17/07/2025 ás
11:01
Por María Deza Martínez

Asinado o día 17/07/2025 ás
11:01
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

O concepto da economía azul (EA) xurde no ano 2012 no marco da Conferencia das Nacións Unidas sobre Desenvolvemento Sostible, coñecida como Río+20. Trátase dun modelo económico que foi adoptado por outros organismos internacionais, como o Banco Mundial, a FAO ou a UE, e que promove o uso sostible dos océanos, os mares e os recursos acuáticos para impulsar o crecemento económico, crear emprego e mellorar o benestar humano, á vez que se protexe e conserva o medio mariño. Neste contexto, o enfoque de EA é fundamental para Galicia debido á súa estreita vinculación co mar e o seu potencial económico ligado aos recursos mariños.

Galicia conta cunha extensa costa, importantes portos e unha tradición pesqueira que foron piares da súa economía durante séculos. Con todo, ante os retos do cambio climático, a sobreexplotación dos recursos mariños e a necesidade de diversificar o tecido produtivo, é esencial adoptar un enfoque que combine a sostibilidade co crecemento económico. O Consello da Xunta de Galicia analizou o Acordo polo que se aproba a Estratexia de Economía Azul de Galicia. Será a folla de ruta coa que o Goberno autonómico busca situar Galicia coma referente neste eido para compaxinar a protección do medio mariño e a actividade económica.

A nova Estratexia é un documento fundamental dada a estreita vinculación da comunidade co mar e o seu potencial económico ligado aos recursos mariños. Galicia é a comunidade con máis quilómetros de costa, importantes portos e unha forte tradición pesqueira que sustentan unha parte importante da economía do territorio. A Estratexia da Economía Azul de Galicia é un elemento imprescindible para a nosa planificación estratéxica, tendo en conta as condicións xeográficas da nosa terra e a importancia histórica, económica e sociocultural, do noso mar.

A finalidade da estratexia e dar resposta a retos como o Cambio Climático, a sobreexplotación dos recursos acuáticos e a necesidade de diversificar o tecido produtivo combinando sustentabilidade e crecemento económico. Servirá para proporcionar unha mellor calidade de vida á sociedade galega a través da produción

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sostible de alimentos, a posta en valor da cultura mariñeira do emprego de calidade e do transporte sostible.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o investimento total da Estratexia de Economía Azul de Galicia e en que consisten as actuacións a levar a cabo?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:09:41
Nº Rexistro: 28924
Data envio: 17/07/2025 11:09:41.929

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 17/07/2025 11:01:22
María Deza Martínez na data 17/07/2025 11:01:30
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 11:01:39
Patricia García González na data 17/07/2025 11:01:49
Raúl Santamaría González na data 17/07/2025 11:02:02
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 11:02:13
Manuel Santos Costa na data 17/07/2025 11:02:34
Jesús María Fernández Rosende na data 17/07/2025 11:02:47
Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 11:03:32

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:09:41
Nº Rexistro: 28924
Data envio: 17/07/2025 11:09:41.929

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:09:42

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:14:53
Nº Rexistro: 28927
Data envio: 17/07/2025 11:14:53.053

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
11:13
Por Paula Prado del R

Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e **Katherinie Varela Fernández,** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia ven desenvolvendo a Estratexia Galicia Retorna, un documento transversal de todos os departamentos con diferentes medidas de apoio para as persoas galegas residentes no exterior que contribúan ao retorno a Galicia.

Unha das medidas integrada, é a liña de axudas ao retorno emprendedor, que ten por obxecto axudar a fomentar o auto emprego para a persoa retornada, aproveitando a experiencia e coñecementos adquiridos no seu país de orixe.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cal é o balance das convocatorias de liñas de axuda ao retorno emprendedor da Secretaría Xeral da Emigración?

2.- Como foi a evolución desta medida desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:13
Por Alberto Pazos Couñago

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:12
Por Víctor Baladrón Lamas

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:14:53
Nº Rexistro: 28927
Data envio: 17/07/2025 11:14:53.053

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 11:12:50
Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2025 11:13:05
Paula Prado del Rio na data 17/07/2025 11:13:16
Julio García Comesaña na data 17/07/2025 11:13:29
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 11:13:44
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 11:14:02
María Felisa Rodriguez Carrera na data 17/07/2025 11:14:14
Roberto Rodríguez Martínez na data 17/07/2025 11:14:22
Katherinie Varela Fernández na data 17/07/2025 11:14:31

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:14:53
Nº Rexistro: 28927
Data envio: 17/07/2025 11:14:53.053

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:14:53

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:15:52
Nº Rexistro: 28929
Data envio: 17/07/2025 11:15:52.579

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2 Por María Encarnació Díaz

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A seguridade e saúde laboral é un aspecto fundamental para garantir o benestar da poboación traballadora e reducir a sinistralidade nos distintos sectores produtivos de Galicia. Neste sentido, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) xoga un papel clave na promoción da prevención de riscos laborais e na mellora das condicións de traballo en colaboración cos distintos axentes sociais.

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:12 Por Ethel Vázquez Mourelle

Neste contexto, aprobouse o Plan de actuación 2025 do ISSGA, unha folla de ruta que inclúe 26 campañas de sensibilización e un total de 350 actuacións de asesoramento técnico. Este plan, elaborado no marco do diálogo social, céntrase en sectores de alta sinistralidade como a industria conserveira, a xestión de residuos e os talleres de reparación de vehículos, incorporando tamén medidas específicas para mellorar a seguridade no sector pesqueiro, no agrario e no forestal.

Ademais, o plan busca abordar os riscos emerxentes derivados da evolución tecnolóxica, demográfica e das novas formas de organización do traballo, con especial atención aos riscos psicosociais. Dentro desta estratexia, destaca tamén a formación en prevención de riscos, coa previsión de chegar a 4.000 persoas.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o impacto do Plan de actuación 2025 do ISSGA na redución da sinistralidade laboral?

2. Que valoración fai da mellora na prevención de riscos nos sectores produtivos galegos?

3. Que sectores produtivos están a ser obxecto de programas específicos de prevención no marco do Plan de actuación 2025 do ISSGA?

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:12 Por Noelia Pérez López

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:15:52
Nº Rexistro: 28929
Data envio: 17/07/2025 11:15:52.579

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 17/07/2025 11:12:29
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 11:12:36
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 11:12:47
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 11:13:01
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 11:13:10
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 11:13:28
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 11:13:38
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 11:13:47
Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 11:13:56

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:15:52
Nº Rexistro: 28929
Data envio: 17/07/2025 11:15:52.579

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:15:53

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:10
Nº Rexistro: 28947
Data envio: 17/07/2025 11:58:10.094

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 17/07/2
11:55
Por Ariadna Fernánde

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e **Ariadna Fernández González**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o complemento ás ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros e a incompatibilidade coa gandería ecolóxica.

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:54
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as ***axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader***. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

"Complemento a gandarías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros nas parcelas situadas en concellos do anexo III e V da Orde do 13 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre. Que tería que cumprir os seguintes criterios:

• *Cumprir os compromisos da axuda de extensificación das explotacións gandeiras.*

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:54
Por Secundino Fernández Fernández

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:10
Nº Rexistro: 28947
Data envio: 17/07/2025 11:58:10.094

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• *Realizar pastoreo.*

• *Dispor dun mínimo de 15 UGM na explotación.*

• *Dispor de sistemas de vixilancia e/ou coidado do gando ante o risco de interacción con grandes carnívoros e mantelos durante todo o período de compromiso: dispositivos de xeolocalización polo menos no 20 % dos animais da explotación e/ou polo menos dous cans de garda por explotación (mastín español, mastín do Pirineo e/ou can de palleiro inscritos no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía).*

Así mesmo só se considerarán aquelas superficies de pastos que se atopan no concello onde este situada a explotación e colindantes.

Nesta axuda establécense os seguintes importes:

• *Prados temporais e permanentes e pastos arbustivos e pastos arborados: 75 €/ha.*

Esta axudas está limitada a 50 ha”

Esta axuda é importante para complementar as explotacións gandeiras nestes concellos nos que hai presenza destes grandes carnívoros como é o lobo.

Unha axuda que aínda que debera ser máis importante significa unha compensación para as explotacións das zonas de presenza desta fauna.

Curiosamente esta axuda non existe para as explotacións gandeiras en ecolóxico; o que non ten moito sentido. É como si nas explotacións ecolóxicas que polo mero feito de ser ecolóxicas xa teñen que ser extensivas non tiveran eses problemas de convivencia cos grandes carnívoros.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:10
Nº Rexistro: 28947
Data envio: 17/07/2025 11:58:10.094

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG non entendemos que se siga pondo limitacións as explotacións ecolóxicas; non entendemos esta actuación da Xunta do PP contrario as mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural e que decidiron apostar por un tipo de explotación respectuoso co medio ambiente e que produce alimentos de alta calidade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

• Considera a Xunta de Galiza que as explotacións ecolóxicas en extensivo destes concellos non teñen problemas de convivencia cos grandes carnívoros?

• Por que a Xunta de Galiza non permite que as explotacións en ecolóxico opten a estas axudas?

• Canto orzamento se necesitaría para que as explotacións gandeiras ecolóxicas puideran optar a estas axudas?

• Vai a Xunta de Galiza modificar a normativa destas axudas no 2025 para que as explotacións gandeiras ecolóxicas en extensivo podan optar a estas axudas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:10
Nº Rexistro: 28947
Data envio: 17/07/2025 11:58:10.094

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 17/07/2025 11:54:32

Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 11:54:46

Ariadna Fernández González na data 17/07/2025 11:55:07

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:10
Nº Rexistro: 28947
Data envio: 17/07/2025 11:58:10.094

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:58:10

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:46
Nº Rexistro: 28948
Data envio: 17/07/2025 11:58:46.104

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
11:20
Por Nicole Grueira Fe

Asinado o día 17/07/2025 ás
11:19
Por Ethel Vázquez Mourelle

Asinado o día 17/07/2025 ás 11:19
Por Maria Magdalena Perez
Millares

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5º Sanidade, Política Social e Emprego.**

Boa parte das enfermidades conxénitas do metabolismo (ECM) son enfermidades raras ou moi raras, pero en conxunto son patoloxías frecuentes, estimándose unha prevalencia global de 50,9 por cada 100.000 nacementos, constituíndo unha causa importante de morbi-mortalidade, tendo un impacto global notable desde a perspectiva de Saúde Pública. Aínda que de forma illada son pouco frecuentes, en conxunto estas enfermidades conxénitas adquiren unha grande importancia, xa que afectan a entre un 5% e un 7% da poboación.

Unha das características comúns a moitas enfermidades raras é a gran morbimortalidade que levan asociada. Isto evidencia que, se cuantitativamente as enfermidades raras son moi importantes, cualitativamente aínda o son máis. Estes datos deberían axudar a situalas no lugar que lles corresponde no marco da saúde pública, tanto en España como a nivel global.

Neste senso a nosa comunidade foi pioneira coa a probación no 2021 da Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2021-2024, co obxectivo principal de establecer un novo modelo asistencial para as enfermidades raras, optimizado e baseado en criterios homoxéneos para garantir un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo do doente e unha xestión más áxil, coordinada e eficiente.

A nivel estatal a comunidade galega é referente no que a cribados se refire, dende os neonatais, ata os cribados en adultos, sendo ferramentas estratéxicas para realizar un diagnóstico precoz e mellorar a supervivencia da sociedade.

Recentemente tivemos coñecemento de que a Xunta de Galicia puxo en marcha un novo cribado para detectar cardiopatías conxénitas nos máis cativos.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.- Que beneficios supón o novo cribado de cardiopatías conxénitas posto en marcha pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:46
Nº Rexistro: 28948
Data envio: 17/07/2025 11:58:46.104

PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:46
Nº Rexistro: 28948
Data envio: 17/07/2025 11:58:46.104

Asinado dixitalmente por:

Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 11:19:44
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 11:19:52
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 11:20:05
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 11:20:19
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 11:20:31
Noelia Pérez López na data 17/07/2025 11:20:41
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 11:20:55
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 11:21:07
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 11:21:16

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:58:46
Nº Rexistro: 28948
Data envio: 17/07/2025 11:58:46.104

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:58:46

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:59:39
Nº Rexistro: 28950
Data envio: 17/07/2025 11:59:39.658

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
11:24
Por Nicole Grueira Fe

Á Mesa do Parlamento

Data asento: 17/07/2025 13:43:43
Nº Rexistro: 29001
Data envio: 17/07/2025 13:43:43.073

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:43:43

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:44:33
Nº Rexistro: 29003
Data envio: 17/07/2025 13:44:33.913

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
13:27
Por Nicole Grueira Fe

Asinado o día 17/07/2025 ás
13:26
Por Ethel Vázquez Mourelle

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:26
Por Maria Magdalena Perez
Millares

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5º Sanidade, Política Social e Emprego.**

Dende hai anos todos somos conscientes da escaseza de profesionais que se está a dar na atención primaria, nomeadamente no que a médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria se refire.

Somos testemuños de que a Xunta de Galicia leva feito diferentes estudos para formular un novo enfoque que permita seguir fortalecendo e reconfigurando o modelo de atención primaria como eixo vertebrador dun sistema sanitario máis eficiente, adaptado ás demandas actuais da poboación e dos profesionais sanitarios, nun contexto que permita construír unha relación fluída coa cidadanía.

Un dos obxectivos marcados polo Plan de Acción de Atención Primaria e Comunitaria 2022-2023 trata de “mellorar a accesibilidade e xestionar a demanda asistencial con novos modelos organizativos”. Para iso levouse a cabo a definición e implantación dun modelo de xestión integral da demanda asistencial coa intervención de todos os profesionais que conforman os equipos de atención primaria.

Este novo modelo, o chamado CRM100, busca transformar a atención primaria nos centros de saúde mediante o uso de novas tecnoloxías, mellorando a eficiencia, accesibilidade e calidade dos servizos sanitarios en Galicia, optimizando os recursos dispoñibles e reducindo a sobrecarga dos centros de saúde.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia dos resultados obtidos a través do CRM100?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:44:33
Nº Rexistro: 29003
Data envio: 17/07/2025 13:44:33.913

Asinado dixitalmente por:

Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 13:26:37
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 13:26:45
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 13:27:21
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 13:27:31
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 13:27:42
Noelia Pérez López na data 17/07/2025 13:27:50
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 13:28:19
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 13:28:32
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 13:28:41

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:44:33
Nº Rexistro: 29003
Data envio: 17/07/2025 13:44:33.913

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:44:34

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:45:19
Nº Rexistro: 29006
Data envio: 17/07/2025 13:45:19.907

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
13:33
Por Nicole Grueira Fe

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5º Sanidade, Política Social e Emprego.**

O sistema Nacional de Saúde está a sufrir un déficit xeral de médicos, o que obriga aos diferentes servizos autonómicos de saúde a levar a cabo medidas que optimicen a atención dos pacientes sen sobrecargar aos facultativos nin ao resto de profesionais sanitarios.

Ao comezo da lexislatura, o conselleiro de Sanidade anunciou na súa comparecencia a posta en marcha dun Plan para reducir a burocracia na atención primaria. Este documento viña motivado polo feito de que os profesionais de atención primaria dedican moita parte do seu tempo a labores non clínicos en detrimento da atención aos pacientes.

O obxectivo do devandito plan, dicía o conselleiro, é que os profesionais sanitarios dediquen o máximo tempo posible da súa xornada á actividade clínica ou docente, reducindo tarefas administrativas que reducen a súa capacidade resolutiva, cuantificando ata o 30% do tempo da súas xornadas como tipo administrativo ou clínico-administrativas.

O reto fixado no seu día foi que en 2026 a burocracia da atención primaria en Galicia sería reducida ao mínimo imprescindible, levando a cabo diferentes medidas en distintas partes da atención primaria para acadar a meta fixada.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.- Que medidas leva posto en marcha a Xunta de Galicia con fin de reducir a burocracia na atención primaria?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:32
Por Ethel Vázquez Mourelle

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:32
Por Maria Magdalena Perez Millares

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:45:19
Nº Rexistro: 29006
Data envio: 17/07/2025 13:45:19.907

Asinado dixitalmente por:

Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 13:32:45
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 13:32:52
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 13:33:01
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 13:33:10
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 13:33:24
Noelia Pérez López na data 17/07/2025 13:33:32
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 13:33:42
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 13:34:56
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 13:35:05

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:45:19
Nº Rexistro: 29006
Data envio: 17/07/2025 13:45:19.907

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:45:20

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:46:06
Nº Rexistro: 29008
Data envio: 17/07/2025 13:46:06.063

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
13:37
Por Nicole Grueira Fe

Asinado o día 17/07/2025 ás
13:37
Por Ethel Vázquez Mourelle

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:37
Por Maria Magdalena Perez
Millares

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5º Sanidade, Política Social e Emprego.**

Durante anos, dende a Consellería de Sanidade e dende esta Cámara, levamos facendo fincapé na importancia da atención primaria como o nivel asistencial clave na xestión da sanidade pública galega. A atención primaria, como porta de entrada ao sistema, resolve a meirande parte das consultas que se realizan sen necesidade de ser derivadas ao ámbito hospitalario.

Isto está apoiado polos estudos realizados e polos diferentes documentos de abordaxe dos retos aos que se enfronta este nivel asistencial. Estudos que fan especial incidencia na necesidade de planificar proactivamente a unha determinada poboación, empregando para iso mecanismos como os Plans locais de saúde.

Estes Plans posibilitan unha atención integral, permitindo unha maior equidade, accesibilidade e proximidade no trato ao doente, así como unha mellor organización das axendas dos profesionais, buscando un liderado compartido entre os distintos profesionais.

Os Plans Locais de Saúde buscan involucrar aos cidadáns, autoridades locais e profesionais da saúde na identificación de problemas de saúde prioritarios e no deseño de intervencións e programas dirixidos a abordar eses problemas de maneira efectiva e eficiente.

Recentemente coñecemos que se firmaron 24 novos Plans locais de saúde sumándose aos xa existentes, aumentando o número de plans a 92 centros de saúde en toda Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.- Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia dos Plans locais de saúde?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:46:06
Nº Rexistro: 29008
Data envio: 17/07/2025 13:46:06.063

Asinado dixitalmente por:

Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 13:37:21
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 13:37:38
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 13:37:49
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 13:38:06
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 13:38:15
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 13:38:23
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 13:38:31
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 13:38:39
Noelia Pérez López na data 17/07/2025 13:39:09

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:46:06
Nº Rexistro: 29008
Data envio: 17/07/2025 13:46:06.063

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:46:06

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:46:42
Nº Rexistro: 29010
Data envio: 17/07/2025 13:46:42.646

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2
13:41
Por Nicole Grueira Fe

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5º Sanidade, Política Social e Emprego.**

O cancro de próstata é o cancro máis común nos homes en Europa, España e Galicia. Entre os cancros, o de próstata é un dos que maior mortalidade produce entre os homes, en gran parte debido a que tamén é o cancro masculino máis frecuente, con ao redor de 450.000 homes diagnosticados cada ano en Europa.

O atraso no diagnóstico pode provocar maiores taxas de metástases e, en consecuencia, un aumento da mortalidade e efectos negativos prolongados na calidade de vida. Non obstante, na actualidade o cribado do cancro de próstata realízase de forma oportunista, conducindo a un número elevado de falsos positivos, sobrediagnóstico e tratamentos innecesarios.

Dende este grupo somos consciente da importancia da prevención, ao igual que o é a Xunta de Galicia, quen fai unha aposta decidida pola detección precoz do cancro con cribados consolidados como o de mama, cérvix e colorrectal, ademais de estar a desenvolver outra pilotaxe na área sanitaria da Coruña e Cee para detectar cancro de pulmón.

No mes de xuño de 2024, o Goberno galego puxo en marcha o proxecto piloto de cribado de cancro de próstata na área sanitaria de Ferrol para os homes de 50 a 69 anos, co obxectivo de acadar as 12.000 persoas cribadas
Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.- Como se está a desenvolver o programa piloto de cribado de cancro de próstata posto en marcha pola Xunta na área sanitaria de Ferrol?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:40
Por Ethel Vázquez Mourelle

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:40
Por Maria Magdalena Perez Millares

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:46:42
Nº Rexistro: 29010
Data envio: 17/07/2025 13:46:42.646

Asinado dixitalmente por:

Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 13:40:47
Ethel Vázquez Mourelle na data 17/07/2025 13:40:54
Nicole Grueira Fernández na data 17/07/2025 13:41:03
Argimiro Marnotes Fernández na data 17/07/2025 13:41:11
Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2025 13:41:29
Noelia Pérez López na data 17/07/2025 13:41:43
María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2025 13:42:01
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 13:42:10
Víctor Baladrón Lamas na data 17/07/2025 13:42:22

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:46:42
Nº Rexistro: 29010
Data envio: 17/07/2025 13:46:42.646

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:46:43

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:47:35
Nº Rexistro: 29012
Data envio: 17/07/2025 13:47:35.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a recuperación dos terreos ocupados pola consellaría do Medio Rural na Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022 o grupo parlamentar do BNG promoveu un conxunto de iniciativas nas que instaba á Xunta a trasladar as instalacións situadas no ENIL da Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra), en dominio público marítimo terrestre e con concesións caducadas.

Estas propostas camiñaban en paralelo co proceso iniciado pola Deputación Provincial , que aprobou e levou a cabo o proxecto de demolición da imprenta provincial e o traslado ao polígono de Barro do parque de maquinaria, o que permitiu gañar no ano 2024 unha zona verde de 17.700 m2.

En resposta a unha pregunta parlamentar do BNG, a consellaría do Medio Rural anunciou en 2022 o traslado das instalación que ocupa na Xunqueira do Alba sobre un predio de 8.700 metros cadrados que funcionaba como centro loxístico, taller e base para o servizo de bombeiros forestais.

O plan de Medio Rural pasaba por trasladar o centro loxístico ao polígono de Botos, en Lalín, a unha nave de nova construción que contaba con un orzamento de 1,3 millóns de euros. No que respecta á base dos bombeiros forestais a previsión era o traslado ao polígono do Campiño, a unha parcela cedida polo Concello.

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:47
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:47
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:47:35
Nº Rexistro: 29012
Data envio: 17/07/2025 13:47:35.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Naquela altura, o director de Defensa do Monte manifestou que "O obxectivo é ter o proxecto de demolición e rexeneración en 2023 para deixar os terreos libres e rexenerados na medida do posible".

A día de hoxe, transcorridos tres anos desde o primeiro anuncio do traslado, o predio en cuestión segue ocupado por instalacións, maquinaria e vehículos da consellaría e non hai ningunha nova sobre a recuperación deses terreos situados no dominio público e incluidos no espazo natural de interese local da Xunqueira do Alba.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten previsto a consellaría do Medio Rural desmantelar as instalacións e recuperar os terreos que ocupa en zona de dominio público marítimo terrestre na Xunqueira do Alba?

Fixo a Xunta alguna previsión temporal e orzamentaria para a recuperación destes terreos?

Considera o goberno galego que constitúe un bo exemplo a situación actual destes terreos, encravados en dominio público marítimo terrestre e no ámbito dun ENIL?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:47:35
Nº Rexistro: 29012
Data envio: 17/07/2025 13:47:35.553

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/07/2025 13:47:11

Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/07/2025 13:47:18

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:47:35
Nº Rexistro: 29012
Data envio: 17/07/2025 13:47:35.553

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:47:36

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:47:50
Nº Rexistro: 29013
Data envio: 17/07/2025 13:47:50.437

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:42
Por Dolores Hermelo Piñeiro

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

O Consello da Xunta aprobaba o 24 de xuño de 2024 unha nova convocatoria de axudas para fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade do sector acuícola que están cofinanciadas nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa). O día 8 de xullo de 2024 saía publicada no DOG a Orde do 25 de xuño de 2024 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade no sector da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:42
Por María Deza Martínez

Deste xeito reforzase a financiación de proxectos que permitan desenvolver coñecementos científicos, técnicos ou organizativos nas explotacións acuícolas que reduzan o impacto no medio ambiente, avalíen os efectos e a adaptación ao cambio climático e melloren o aproveitamento do espazo. A orde tiña carácter plurianual polas características de algúns dos proxectos que son subvencionables e que precisan máis dun ano para a súa completa execución. O Consello da Xunta daba conta o 2 de decembro de 2024 do informe da resolución das axudas para fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade no sector da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), correspondentes ao ano 2024.

Deste xeito a Xunta apoia proxectos para implantar actuacións orientadas a mellorar a sanidade e o benestar dos animais, á optimización da alimentación e a nutrición, e desenvolver ou introducir no mercado de novas especies acuícolas.

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:42
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é a suma total destinada para estas axudas dirixidas a fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade do sector acuícola?

2. Cantos proxectos foron financiados con estas axudas?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

3. En que consisten os proxectos financiados con estas axudas?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:47:50
Nº Rexistro: 29013
Data envio: 17/07/2025 13:47:50.437

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 17/07/2025 13:42:11
María Deza Martínez na data 17/07/2025 13:42:29
Dolores Hermelo Piñeiro na data 17/07/2025 13:42:51,17/07/2025 13:43:21
Patricia García González na data 17/07/2025 13:43:01
Raúl Santamaría González na data 17/07/2025 13:43:59
Jesús María Fernández Rosende na data 17/07/2025 13:44:19
Manuel Santos Costa na data 17/07/2025 13:44:31
Paula Mouzo Mas na data 17/07/2025 13:44:43
Maria Magdalena Perez Millares na data 17/07/2025 13:44:54

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:47:50
Nº Rexistro: 29013
Data envio: 17/07/2025 13:47:50.437

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:47:51

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:53:50
Nº Rexistro: 29016
Data envio: 17/07/2025 13:53:50.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 17/07/2
13:53
Por Ariadna Fernánde

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e **Ariadna Fernández González**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as axudas agroambientais no período 2023-2027, a súa execución orzamentaria e o "desvío" dos fondos destas axudas.

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:52
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC, coñecida como PEPAC, para o período 2023-27, para o que as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as ***axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader***. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

a) Intervención 65012 Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Compromisos de cultivos sostible.

• *Subintervención 65012.02: extensivos.*

• *Subintervención 65012.03: leñosos.*

• *Subintervención 65012.04: economía circular.*

b) Intervención 65013 Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos.

Subintervención 65013.01: extensificación de prados.

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:52
Por Secundino Fernández Fernández

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:53:50
Nº Rexistro: 29016
Data envio: 17/07/2025 13:53:50.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Subintervención 65013.02: extensificación pastos arbustivos e arborizados.

• Subintervención 65013.03: complemento a gandarías extensivas en zonas con presenza

de grandes carnívoros.

c) Intervención 65014 Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Apicultura para a biodiversidade.

• Subintervención 65014.01: apicultura para a biodiversidade.

d) Intervención 6503 Compromisos agroambientais en agricultura ecolóxica.

– Liña: cultivos agrícolas ecolóxicos.

• Subintervención 65030.17: conversión de cultivos agrícolas ecolóxicos.

• Subintervención 65030.18: mantemento de cultivos agrícolas ecolóxicos.

– Liña: viñedos para vinificación ecolóxica.

• Subintervención 65030.19: conversión de viñedos para vinificación ecolóxica.

• Subintervención 65030.20: mantemento de viñedos para vinificación ecolóxica

– Liña: gandaría ecolóxica.

• Subintervención 65030.21: conversión de gandaría ecolóxica.

• Subintervención 65030.22: mantemento de gandaría ecolóxica.

– Liña: apicultura ecolóxica.

• Subintervención 65030.23: conversión de apicultura ecolóxica.

• Subintervención 65030.24: mantemento de apicultura ecolóxica.

e) intervención 65051 Compromisos de conservación de recursos xenéticos SIXC.

a. Subintervención 65051.01: razas gandeiras autóctonas en risco de erosión xenética.

b. Subintervención 65051.02: conservación de variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética.

Son axudas moi importantes para o mantemento, viabilidade e permanencia das explotacións agrarias galegas; sobre todo as profesionais, e afectan a explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:53:50
Nº Rexistro: 29016
Data envio: 17/07/2025 13:53:50.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O montante económico previsto anualmente pola Xunta de Galiza para estas axudas estaba nos 27 M €; financiado nun 80% por fondos europeos do Feader. Unha cantidade que supuña unha diminución con respecto ao período anterior e a pesares desta diminución non se está executando na súa totalidade "desaparecendo" parte deste diñeiro ao non ir as explotacións agrarias

Unhas axudas que no seu día supuxeron unha diminución importante na liña de compromiso de *fomento e xestión sostible de pastos Subintervención 65013.01: Extensificación de prados*, a mais solicitada e máis importante para explotación gandeiras de Galiza, que lles fixo reducir nalgúns caso o 50 % a axuda recibida. Esta diminución da axuda non tivo explicación de ningún tipo.

Neste período tamén se puxo de relevo unha nova limitación para as superficies das explotacións agrarias galegas. Efundofsta limitación chamada degresividade afecta gravemente as nosas explotacións. Esta degresividade fai que unha explotación profesional non pode cobrar o 100% da axuda nas súas terras, ao ter unha redución significativa a partires das 20 primeiras has.

A pesares da situación, a convocatoria do ano 2024 e 2025 tampouco se abriu a novas solicitudes nin tampouco a ampliar os compromisos das solicitudes existentes; polo que supomos que tampouco se cubrirá a totalidade de crédito existente para este tipo de axudas e que está consignado no PEPAC 2023 – 2027. Nestas dúas convocatorias non se eliminou ou se modificou a degresividade que limita o cobro da totalidade da axuda as nosas explotacións, principalmente as gandeiras.

En definitiva, dos datos que se derivan das convocatorias das ordes de axuda do 2023, 2024 e 2025 vese que non se executaron os orzamentos previstos até o de agora; polo que os fondos dispoñíbeis están sendo desviados ou simplemente non se executan.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:53:50
Nº Rexistro: 29016
Data envio: 17/07/2025 13:53:50.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Grupo Parlamentar do BNG non entendemos que se sigan poñendo limitacións se hai crédito orzamentario para estas axudas. Non comprendemos a actuación da Xunta do PP contrario as mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

• Canto diñeiro quedou sen executar nas anualidades 2023 e 2024 nas axudas con compromisos agroambientais e de preservación de recursos xenéticos?

• Cal é o montante económico que non se executará nos anos de duración da PEPAC 2023-2027 nas axudas con compromisos agroambientais e de preservación de recursos xenéticos?

• A que quere destinar a Xunta de Galiza o diñeiro “sobrantes” destas axudas?

• Cal é o motivo polo que se sigue aplicando a degresividade nesta liña si hai diñeiro non executado?

• Vai a Xunta de Galiza abrir a novas solicitudes no ano 2026 para que estas partidas non adxudicadas se podan distribuír entre as explotacións?

• Vai a Xunta de Galiza abrir a novos compromisos das solicitudes no ano 2026 para que estas partidas non adxudicadas se podan distribuír entre as explotacións ?

• Vai a Xunta de Galiza cambiar os criterios da degresividade ou eliminala nas solicitudes no ano 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:53:50
Nº Rexistro: 29016
Data envio: 17/07/2025 13:53:50.944

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 17/07/2025 13:52:39
Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 13:52:48
Ariadna Fernández González na data 17/07/2025 13:53:00

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:53:50
Nº Rexistro: 29016
Data envio: 17/07/2025 13:53:50.944

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:53:51

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:54:45
Nº Rexistro: 29019
Data envio: 17/07/2025 13:54:45.465

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o saneamento nas parroquias do rural do Concello de Oia.

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:53
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Oia é un concello de amplo carácter litoral, mais tamén cunha importante implantación de poboación nas parroquias do rural, cuestión pola cal a veciñanza do concello leva demandando unha atención especializada no que ten haber coa prestación de diferentes servizos.

No ano 2020 a consellaría de infraestruturas e mobilidade anunciou un proxecto piloto no concello de Oia para desenvolver un novo modelo de saneamento da auga no ámbito rural "máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio." Este proxecto piloto estaría vencellado ao convenio de colaboración de Augas de Galicia coa Universidade da Coruña para desenvolver sistemas de depuración adaptados á realidade de núcleos rurais.

O obxectivo da proposta anunciada en 2020 era encontrar a mellor solución para dotar de saneamento os núcleos da zona interior do concello de Oia.

Este é o caso das parroquias de Loureza e Burgueira, nas que a veciñanza non ten ningún sistema público de depuración nin existe ningunha alternativa para o baleirado das foxas sépticas pola falta de planificación e de solucións por parte do concello e da Xunta.

Así e todo no ano 2021 o Concello de Oia recibiu unha subvención da Consellería con competencias en materia de medio ambiente para o saneamento nos camiños de

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:53
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:54:45
Nº Rexistro: 29019
Data envio: 17/07/2025 13:54:45.465

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Aguieira e Sobral por valor de 50.000 €, mais non presentou ningunha alternativa para o saneamento nos núcleos máis rurais.

No 2023 a conselleira de infraestructuras e mobilidade naquel momento, a señora Ethel Vázquez, anunciaba a través dos medios que se ía a executar o proxecto dunha nova depuradora en substitución dos sistemas compactos dos que se derivan grande partre das problemáticas nomeadas.

E para pechar o ciclo de anuncios, o pasado novembro de 2024 a actual conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, volveu incidir na "colaboración" da Xunta para avaliar e facer unha diagnose da situación do saneamento nas zonas do interior do Concello.

O que queda claro é que, alén dos anuncios feitos polo Partido Popular dende os gobernos local e galego, non hai nada material que dote dunha vez por todas ao rural do concello de Oia de alternativas de saneamento para a veciñanza.

Na última década varios concellos galegos apostaron por infraestruturas verdes e solucións de proximidade para resolver a necesidade de saneamento en núcleos rurais de pequena poboación ou afastados das redes de saneamento e de estacións depuradoras.

As chamadas depuradoras ecolóxicas, dotadas con humidais artificiais, semellan unha alternativa viábel, experimentada con éxito en pequenos núcleos rurais en concellos como San Sadurniño, Moeche, Cedeira ou Cerdedo-Cotobade.

Mentres que estes concellos promoveron esta solución, non hai noticias sobre o proxecto piloto anunciado pola Xunta fai máis de cinco anos para resolver a carencia de saneamento nas parroquias do interior do concello de Oia onde, nalgúns barrios como o de Mavia, son continuas as filtracións e verteduras causando unha contaminación fluvial que é intolerábel para a veciñanza e que acusa o total abandono ao que están sometidos e sometidas as veciñas polo concello.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:54:45
Nº Rexistro: 29019
Data envio: 17/07/2025 13:54:45.465

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Considera o Gioberno Galego que ter servizo de saneamento é un dereito da cidadanía?

- Que pensa facer e en que prazo para corrixir as deficiencias no saneamento dos núcleos rurais do Concello de Oia?

- Por que, a pesar de ter feito innumerabeis anuncios dende o 2020, o Goberno Galego non ten materializado ningunha mellora no saneamento destes núcleos?

- Cre o Goberno Galego que o Concello de Oia está cumprindo coa súa veciñanza no que ten haber co servizo de saneamento?

- Que pensa facer o Goberno Galego para garantir a fin das verteduras e filtracións de augas residuais ao río como acontece no barrio de Mavia?

- Vai presentar ante a veciñanza os resultados do estudo contratado en 2020 para analizar as alternativas para mellorar o saneamento no Concello de Oia?

- Vai o Goberno Galego reunirse coa veciñanza das parroquias de Loureza e Brugueira para dotar dunha solución nesta lexislatura aos problemas do saneamento e facelo en colaboración co concello e as demais administracións con competencias?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:54:45
Nº Rexistro: 29019
Data envio: 17/07/2025 13:54:45.465

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/07/2025 13:53:38

Luis Bará Torres na data 17/07/2025 13:53:44

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:54:45
Nº Rexistro: 29019
Data envio: 17/07/2025 13:54:45.465

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:54:46

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:58:09
Nº Rexistro: 29023
Data envio: 17/07/2025 13:58:09.194

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 17/07/202
Por Secundino Fernándi
Fernández

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González , Sonia Vidal Lamas e **Secundino Fernández Fernández,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre a produción de cereal.

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:57
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os acontecementos que levamos vivido no noso pasado máis recente, no tocante á saúde pública, aos conflitos internacionais e á deriva do mercado global e as súas tensións, son unha boa mostra da importancia da soberanía alimentaria cara a que os pobos, tamén Galiza, deben camiñar. Todos estes feitos deixaron en evidencia a dependencia que o noso país ten na importación de insumos, tanto para o abastecemento humano coma animal, e que en moitos casos non sería preciso de aproveitar os nosos recursos de xeito sustentable e responsable.

Galiza conta na actualidade con escasas 29.000 hectáreas dedicadas ao cultivo de cereal e gran, das cales só son destinadas ao trigo 14.000 e onde os cultivos ecolóxicos representan o 1% do total, converténdonos nuns grandes importadores. A nosa colleita non é abonda para satisfacer a demanda propia, coa necesidade de mercar dous terzos do cereal en cuestión, materia prima imprescindible na alimentación do país a través dos seus produtos derivados, entre os que destaca o pan, de grande tradición na Galiza. Tanto é así que a nosa produción interna acada 33 mil de toneladas, unhas cantidades amplamente insuficientes ao comparalas coas 270 mil precisas tan só para satisfacer a alimentación humana. Desta forma, teriamos a capacidade de facerlle fronte unicamente ao 12% do consumo de trigo en Galiza para alimentación das persoas, co que iso implica a nivel da elevada vulnerabilidade do noso sistema actualmente.

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:57
Por Ariadna Fernández González

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:58:09
Nº Rexistro: 29023
Data envio: 17/07/2025 13:58:09.194

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Estes datos reflicten a nosa mínima SAU, con só 345.000 hectáreas dedicadas a cultivos que se traducen nun sistema alimentario moi afastado da resiliencia necesaria. A grande posibilidade de mellora reside no aproveitamento das terras, moi escaso baseándonos en datos concretos da SAU galega, que se sitúa entre o 21-25% da superficie total, en contraposición co que ocorre no resto do estado español, onde se sitúa por enriba do 51%.

A recuperación de zonas improdutivas é imprescindible, co obxectivo final de aumentar o autoabastecemento e darlle visibilidade a presenza de opcións diferentes ás dos cultivos forestais para os nosos terreos de monte, favorecendo a competitividade e a seguridade do noso sistema alimentario e servindo tamén como revulsivo para o rural ao combatendo a súa despoboamento a través da xeración de oportunidades para as xeracións actuais e vindeiras.

O trigo galego leva sendo estes últimos anos obxecto de grande interese por parte das nosas panaderías, que importan miles de toneladas de fariña anualmente para abastecer a demanda da poboación, cuxo consumo de pan, a pesares de descender un 18% na última década, continúa a ser moito maior que noutras rexións, chegando aos 37 quilos por persoa e ano. No noso país prodúcese tan só o 0,46% do trigo do estado español, cunha evolución nos últimos 50 anos que deixou unha mingua considerable da superficie dedicada a este cereal, ata acabar coa metade da que tiñamos noutro tempo.

Dentro dos motivos polos que esta produción foi a menos de xeito paulatino encontramos as eivas habituais en todas as variantes do sector primario, tales coma o elevado parcelamento polo carácter minifundista e a competencia entre este cereal e cultivos forestais coma os do eucalipto, cos que compiten polo uso das parcelas de monte. Mais non son só esas as problemáticas ás que se enfrontan os agricultores, que deben asumir que o seu cultivo pode estar afectado polos danos causados polo xabaril e que existen grandes problemas no momento do secado e a conservación do gran, derivados da

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:58:09
Nº Rexistro: 29023
Data envio: 17/07/2025 13:58:09.194

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

humidade propia do noso clima, unha conservación que marca a diferencia na calidade do produto que se lle oferta aos compradores. A todo iso hai que engadir a falla de infraestruturas de almacenaxe, que dan lugar a unha dependencia da recollida de todo o volume xerado no momento da colleita, polo que comezar co cultivo xera grandes dúbidas nos posibles agricultores, así coma nos que xa están a levalo a cabo.

Como consecuencia destas deficiencias e a feble garantía na rendibilidade, en Galiza a produción de trigo pasou de algo máis de 70.000 toneladas a principios dos anos 90 a ser menos da metade no 2019, sen chegar ás 35.000, reducíndose o cultivo drasticamente. As variedades locais non desapareceron grazas á existencia dunha agricultura non profesionalizada en parcelas pequenas, cunha dedicación por parte dos propietarios a tempo parcial. Porén, a presión exercida pola introdución nos anos 80 de cultivares comerciais máis produtivos e homoxéneos provocou moito do abandono das nosas variedades locais, diminuíndo a diversidade xenética presente no territorio.

A pesares desta substitución, debemos salientar que as variedades locais contan con vantaxes en distintos aspectos, entre as que cabe destacar a maior capacidade adaptativa ao medio, a resistencia a patóxenos, ou a menor necesidade de insumos para obter unha maior calidade final da colleita, por un maior contido proteico do gran. Todas estas características son as que presentan o trigo Caaveiro e o Callobre, dúas variedades locais de trigo brando moi apreciadas para a elaboración de pan. O seu cultivo ecolóxico da lugar ao que parece un rendemento menor se só cuantificamos as toneladas recollidas, máis que amosa ao mirar máis alá da cantidade, que o prezo é maior, cunha demanda elevada na actualidade. A produción de trigo ecolóxico en Galiza é un 8% máis rendible que a convencional, asociada a unha menor contía derivada dos custos asociados, deixando unha mellor marxe de beneficio para o agricultor.

Por tanto, non debemos esquecer a importancia destes cultivos de variedades locais en ecolóxico, garantirían maiores beneficios para a saúde e o medio ambiente, pero

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:58:09
Nº Rexistro: 29023
Data envio: 17/07/2025 13:58:09.194

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

tamén son considerados coma unha oportunidade de aproveitamento do territorio, conferíndolle ao noso produto unha boa imaxe, tan valorizada no mercado actual e que redundarían na economía xerada no rural do país, polo cal o apoio a este tipo de produtos sería chave na nosa soberanía alimentaria e na nosa economía.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Considera a Xunta de Galiza preciso poñer a disposición terras agrarias improdutivas para a plantación de variedades locais de trigo no país?

2. Prevé a Xunta de Galiza implantar un Plan de recuperación de zonas cerealísticas no país que permita camiñar cara o autoabastecemento de trigo de variedades locais?

3. Que colaboración está a prestar a Xunta de Galiza para o fomento de novas plantacións de trigo de variedades locais para os agricultores?

4. Que medidas está a implantar a Consellería de Medio Rural para favorecer a produción e transformación de trigo ecolóxico do país? Ten estudos a Consellería de Medio Rural sobre variedades, rendibilidade e datos sobre experiencias previas no caso do cultivo de trigo ecolóxico de variedades locais?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:58:09
Nº Rexistro: 29023
Data envio: 17/07/2025 13:58:09.194

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 17/07/2025 13:57:35
Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 13:57:45
Secundino Fernández Fernández na data 17/07/2025 13:57:55

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:58:09
Nº Rexistro: 29023
Data envio: 17/07/2025 13:58:09.194

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:58:09

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29024
Data envio: 17/07/2025 14:02:59.486

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 17/07/2025 ás 14:02
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 17/07/2025 ás 14:02
Por Montserrat Valcárcel Armesto
Asinado o día 17/07/2025 ás 14:02
Por Secundino Fernández Fernández

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o uso de herbicidas en base a glifosato nas vías de comunicación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días comezaron a facerse os mantementos de limpeza das marxes de numerosas estradas de titularidade diversa, xa sexa municipal, provincial, galega ou estatal, tamén das vías férreas. Nalgunha delas obsérvase que hai unha evidente seca da vexetación espontánea nas marxes, provocado por un tratamento con sustancias fitosanitarias e herbicidas. Estas sustancias herbicidas foron aplicadas por empresas de mantemento de estradas e vías férreas en virtude de contratos asinados polas diferentes administracións.

O uso de produtos químicos nas beiravías de forma masiva está prohibido pois as substancias son arrastradas coa auga e a chuvia e acaban filtrándose no nivel freático e chegando aos ríos, con consecuencias negativas para a fauna, a flora e tamén cun risco elevado de afectar as fontes e pozos de consumo humano.

Data envio: 18/07/2025 10:11:05.085

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 18/07/2
Por Juan Manuel Cas
Gándara

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Alberto Pazos Couñago, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:09
Por Alberto Pazos Couñago

Na procura de promover a competitividade das empresas e dos autónomos galegos no actual contexto é importante ter instrumentos para o financiamento empresarial, có obxectivo de contribuír e impulsar o financiamento dos investimentos, circulante ou os proxectos estratéxicos e outras actuacións de interese para o tecido empresarial da Comunidade Autónoma.

Historicamente, a Xunta, a través do Igape, puxo en marcha diversos programas de préstamos, con recursos do Banco Europeo de Investimentos, con fondos estruturais europeos, e con cargo aos seus orzamentos, tanto mediante liñas específicas para emprendedores, sector audiovisual, sector auxiliar do naval, Industria 4.0 e innovación, como con liñas horizontais para facilitar o investimento e o financiamento de circulante para o crecemento, demostrándose que estes programas constitúen unha ferramenta eficaz para favorecer o acceso ao crédito das empresas galegas, ao complementar o mercado bancario con produtos de financiamento público axeitados para as súas actuacións.

Neste contexto destacar que, precisamente, autónomos e pemes son os que sofren maiores dificultades para acceder ao financiamento adecuado ás súas necesidades, atopándose con maiores esixencias de garantías e maiores custos de financiamento que outras empresas de maior dimensión, polo que, de forma continuada, o Igape vén apoiando o acceso ao financiamento con axudas en forma de garantía e subvencións de gastos financeiros, promovendo diversas liñas para cubrir necesidades específicas.

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:08
Por Rubén Lorenzo Gómez

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:11:05
Nº Rexistro: 29082
Data envio: 18/07/2025 10:11:05.085

Por outra banda, contrastouse o bo funcionamento das liñas de préstamos directos para o financiamento empresarial, destinados a cubrir aquelas necesidades financeiras para a implantación e desenvolvemento de determinados proxectos empresariais de interese para Galicia, que queden fóra do ámbito de aplicación doutros programas de financiamento postos en marcha polo Igape.

Neste escenario cómpre poñer ao dispor de autónomos e de empresas os instrumentos financeiros adecuados que lles posibiliten o financiamento das súas necesidades de circulante e dos seus proxectos e investimentos, mellorando ou facilitando as condicións de acceso ao crédito, e buscando así promover a competitividade das empresas e dos autónomos galegos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que iniciativas e liñas de financiamento e préstamos ten a Xunta para apoiar os proxectos de investimento e as necesidades de financiamento dos autónomos e das empresas galegas?

2.- Cal é o balance destas actuacións desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:11:05
Nº Rexistro: 29082
Data envio: 18/07/2025 10:11:05.085

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/07/2025 10:08:55
Alberto Pazos Couñago na data 18/07/2025 10:09:07
Juan Manuel Casares Gándara na data 18/07/2025 10:09:17
Miguel Fidalgo Iglesias na data 18/07/2025 10:09:26
Julio García Comesaña na data 18/07/2025 10:09:36
Patricia García González na data 18/07/2025 10:09:46
Noelia Pérez López na data 18/07/2025 10:09:59
Manuel Santos Costa na data 18/07/2025 10:10:22
Cristina Sanz Arias na data 18/07/2025 10:10:37
Gonzalo Trenor López na data 18/07/2025 10:10:46

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:11:05
Nº Rexistro: 29082
Data envio: 18/07/2025 10:11:05.085

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:11:05

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:02
Nº Rexistro: 29083
Data envio: 18/07/2025 10:12:02.798

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/07/2
10:11
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesidade da elaboración dun protocolo de baleirado e limpeza dos encoros de competencia da Xunta de Galiza.

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 18/07/2025 ás
10:11
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que distintas entidades, nomeadamente as confrarías, leven décadas reclamando do Goberno galego elaborar un protocolo de baleirado e limpeza de encoros, despois de que este Grupo parlamentario presentase en sede parlamentaria esa mesma proposta en innumerábeis ocasións, despois de que as propias empresas eléctricas leven anos procedendo a abrir comportas e desaugar os encoros en baixa mar poñendo mesmo en risco a vida das persoas, despois de que as mortaldades de marisco dos últimos anos debidas á baixa salinidade das augas deixaran os bancos de moitas zonas do país completamente arrasados, a Xunta de Galiza segue sen tomar nin unha soa medida para evitar a incidencia do baleirado e da limpeza dos encoros nestes casos.

E os estragos volveron ocorrer de novo esta mesma fin de semana, na que a confraría de Noia veuse afectada polas fortes choivas e pola falta de control no baleirado da presa do Tambre. As consecuencias foron máis de 5.000 quilos recollidos de marisco morto sen que o Goberno galego leve a cabo sequera investigacións para saber que ocorreu exactamente, se se pode evitar e/ou minimizar e como.

Asinado o día 18/07/2025 ás
10:11
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:02
Nº Rexistro: 29083
Data envio: 18/07/2025 10:12:02.798

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De novo os danos ambientais, económicos e sociais quedan nun segundo plano, de novo as empresas eléctricas seguen a actuar impunemente e, de novo, o Goberno galego continúa sen exercer as súas competencias e sen tomar medidas ao respecto para impedir os incumprimentos sistemáticos e evitar a afectación a un sector produtivo socioeconomicamente fundamental para o país.

O encoro do Tambre, o do Umia, o do Ulla ..., son obxecto de queixas todos os anos por distintos sectores, nomeadamente polo sector marisqueiro e é obriga da Administración galega velar polo cumprimento das normas vixentes e actuar en contra de quen as infrinxe.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que valoración fai o Goberno galego da incidencia do baleirado dos encoros da súa competencia nos bancos marisqueiros galegos?

. Que valoración fai da incidencia do baleirado da presa do Tambre nos bancos marisqueiros da ría de Muros e Noia, nomeadamente do levado a cabo na última semana de xaneiro?

. Cal é a razón pola que a día de hoxe non teña aínda tomada a decisión de elaborar o necesario protocolo de baleirado e limpeza dos encoros da súa competencia e dar así cumprimento á lexislación vixente nesa materia?

. Ten previsto levalo a cabo? De ser así, cando?

. Considera que na situación actual dos bancos marisqueiros, calquera alteración na calidade das augas pode ter unha influencia negativa e mesmo irreversíbel?

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:02
Nº Rexistro: 29083
Data envio: 18/07/2025 10:12:02.798

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai analizar os efectos do baleirado da presa do Tambre na mortaldade de marisco en Noia nesta fin de semana pasada? De ser así, cando? De non ter previsto facelo, por que razón?

. Considera que as empresas xestoras dos encoros deben ter responsabilidades e asumir o pago de compensacións ás persoas afectadas se causan dano á súa contorna e ás rías nos procesos de desaugado e limpeza? De ser así, está disposto a contemplalo no correspondente regulamento?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:02
Nº Rexistro: 29083
Data envio: 18/07/2025 10:12:02.798

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2025 10:11:05
Carmela González Iglesias na data 18/07/2025 10:11:14
Daniel Castro García na data 18/07/2025 10:11:22
Daniel Pérez López na data 18/07/2025 10:11:37
Paulo Ríos Santomé na data 18/07/2025 10:11:48

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:02
Nº Rexistro: 29083
Data envio: 18/07/2025 10:12:02.798

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:12:03

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:47
Nº Rexistro: 29084
Data envio: 18/07/2025 10:12:47.843

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e **Montserrat Prado Cores**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do Centro de Saúde de Viveiro.

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:12
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso sistema público de saúde leva anos sufrindo un deterioro progresivo, resultado directo das políticas da Xunta de Galiza, gobernada polo Partido Popular. A eliminación da Área Sanitaria da Mariña no ano 2018 marcou un punto de inflexión: a perda dunha xerencia e orzamentos propios abriu a porta á centralización de servizos no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) e ao desmantelamento dos hospitais comarcais.

A estratexia foi clara: primeiro, eliminaronse as áreas sanitarias; despois, recortáronse servizos con argumentos de falta de persoal; finalmente, trasladáronse prestacións a hospitais de referencia, colapsándoos e xustificando así a externalización de servizos sanitarios públicos.

Esta política provocou unha grave perda de calidade asistencial, con consecuencias especialmente graves para os colectivos máis vulnerables como as persoas con enfermidades crónicas, maiores, mulleres e pacientes con problemas de saúde mental.

Mais concretamente a Mariña Occidental é hoxe a zona de Galiza con máis carencias sanitarias. En particular, a veciñanza de Viveiro leva case unha década sufrindo unha situación crítica que semella ser máis doutras épocas ca do 2025. Antes da pandemia xa se practicaba a non cobertura de baixas e vacacións, mais a situación acadou un punto

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:12
Por Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:47
Nº Rexistro: 29084
Data envio: 18/07/2025 10:12:47.843

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de colapso a finais de 2023, cando o Centro de Saúde de Viveiro funcionaba unicamente con dous facultativos (dos once que conformaban a plantilla), sen pediatra, con cinco consultas menos de enfermaría e suspendendo as consultas ordinarias. Ademais, a isto temos que engadirlle que, durante ese período, o centro asumía tamén a atención da veciñanza dos concellos de Ourol e O Vicedo.

Pese a iso e grazas á presión social e á mobilización cidadá conseguiuse a reposición parcial dalgúns servizos, mais dous anos despois, a situación segue a ser inaceptable como ben ilustran os seguintes datos:

- A cobertura da plantilla médica está sempre por debaixo do 50%.

- Os tempos de espera para unha consulta poden acadar as tres semanas.

- Hai veciñas e veciños que levan anos sen un médico/a de referencia.

- As citas asignan cinco minutos por paciente.

- Non se cobren nin baixas, nin permisos, nin vacacións do persoal.

- A atención nos centros de Ourol e O Vicedo rediríxese cada vez máis ao de Viveiro, sobrecargando os seus xa escasos recursos.

- A medicalización da ambulancia resta equipos médicos completos durante horas no centro. A isto súmase o colapso da atención especializada no Hospital da Mariña, onde as listas de espera para consultas ou seguimentos chegan aos cinco anos nalgúns casos.

Mentres tanto, a xerencia sanitaria continúa derivando pacientes ao HULA con argumentos pouco convincentes, alegando criterios clínicos cando a verdadeira causa é a falta de profesionais. Isto é, un problema de xestión e vontade política, non de imposibilidade técnica.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:47
Nº Rexistro: 29084
Data envio: 18/07/2025 10:12:47.843

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O conselleiro de Sanidade alude á boa utilización da aplicación móbil do SERGAS, mais as persoas usuarias saben que non hai citas dispoñibles a curto prazo. Iso si: días antes das mobilizacións en defensa da sanidade, a Xunta foi quen de cubrir ausencias demostrando que, cando hai vontade política, hai solucións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai a Xunta de Galiza cubrir de inmediato todas as prazas vacantes no Centro de Saúde de Viveiro, tanto en atención médica como en enfermaría, garantindo unha atención continuada, estable e de calidade?

- Ten en mente a Xunta de Galiza recuperar o servizo de pediatría, en condicións estables e suficientes, para atender á poboación infantil de Viveiro e dos concellos limítrofes con garantías asistenciais?

- Está disposta a Xunta de Galiza a dotar dunha ambulancia medicalizada que non dependa dos recursos humanos do Centro de Saúde de Viveiro, evitando así a perda de persoal asistencial durante os desprazamentos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:47
Nº Rexistro: 29084
Data envio: 18/07/2025 10:12:47.843

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 18/07/2025 10:12:26

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2025 10:12:33

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:12:47
Nº Rexistro: 29084
Data envio: 18/07/2025 10:12:47.843

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:12:48

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:14:33
Nº Rexistro: 29085
Data envio: 18/07/2025 10:14:33.147

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 18/07/2
Por Juan Manuel Cas
Gándara

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Alberto Pazos Couñago, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

O crecemento acumulado de Galicia é máis forte que o do conxunto de España nos últimos catro anos.

Así, en relación ao último trimestre de 2019, o crecemento da nosa Comunidade ata o segundo trimestre de 2024 é 6,3 puntos maior que antes da pandemia, fronte ao avance de 4,7 puntos da media de España.

Ata o mes de agosto, a balanza comercial de Galicia acadou a cifra 6.369 millóns de euros en positivo, mentres que no conxunto de España foi de 23.780 millóns de euros en negativo.

En termos anuais ao peche de 2023, Galicia superaba, por primeira vez, a barreira dos 30.000 millóns de euros en exportacións, e todo parece indicar que este 2024 imos na mesma senda. Por outra banda, en termos de débeda, a nosa Comunidade reduciu a súa ratio débeda/PIB ata o 16,1% no cuarto trimestre de 2023.

É dicir, tivemos a taxa de endebedamento máis baixa desde 2012 e 3,7 puntos por debaixo do nivel de 2020 (19,7%).

Ademais, Galicia non só foi das comunidades autónomas que cumpriu de novo os obxectivos de déficit e de débeda, senón que tamén foi unha das que liderou o tempo de pagamento a provedores.

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:12
Por Alberto Pazos Couñago

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:12
Por Rubén Lorenzo Gómez

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

En concreto, pechamos 2023 pagando as facturas case na metade de tempo que o conxunto de España.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:14:33
Nº Rexistro: 29085
Data envio: 18/07/2025 10:14:33.147

Á vista deste escenario positivo, parece axeitado que, desde a Xunta de Galicia se continúen a impulsar servizos de alto valor engadido co apoio de expertos en ámbitos como o desenvolvemento estratéxico, a dixitalización e a innovación, que faciliten a profesionalización do tecido empresarial galego a través da incorporación de novos coñecementos que permitan anticiparse e responder ás necesidades do mercado e seguir medrando.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que iniciativas e servizos de apoio ten a Xunta de Galicia para mellorar a competitividade das pemes galegas?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:14:33
Nº Rexistro: 29085
Data envio: 18/07/2025 10:14:33.147

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/07/2025 10:12:32
Alberto Pazos Couñago na data 18/07/2025 10:12:45
Juan Manuel Casares Gándara na data 18/07/2025 10:12:52
Miguel Fidalgo Iglesias na data 18/07/2025 10:13:03
Julio García Comesaña na data 18/07/2025 10:13:12
Patricia García González na data 18/07/2025 10:13:23
Noelia Pérez López na data 18/07/2025 10:13:34
Manuel Santos Costa na data 18/07/2025 10:13:53
Cristina Sanz Arias na data 18/07/2025 10:14:08
Gonzalo Trenor López na data 18/07/2025 10:14:17

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:14:33
Nº Rexistro: 29085
Data envio: 18/07/2025 10:14:33.147

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:14:33

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:16:18
Nº Rexistro: 29086
Data envio: 18/07/2025 10:16:18.755

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o novo centro de saúde de Fisterra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Fisterra hai máis de vinte anos que leva esperando por un novo centro de saúde de atención primaria. Dende polo menos o ano 2005, o ente fisterrán leva ofrecendo diversas parcelas para que a consellería de Sanidade constrúa un edificio de servizos sanitarios accesible, funcional e adaptado á normativa técnica.

Falouse de construílo no centro de Fisterra, ao lado da antiga cofradía, pero a pendente existente e as reducidas dimensións da parcela para futuras ampliacións, descartaron esa posibilidade. Logo tocoulle á parcela ao lado da igrexa de Santa María das Areas, cedida pola rectoral, para edificar un local cunha superficie de 1.600 metros cadrados. Logo o concello ofreceu a praza colindante coa planta inferior do concello, despois tocaríalle á finca municipal que posúen no lugar de san Roque, e finalmente falouse da remodelación do propio edificio do ISM onde se localizan hoxe as instalacións de medicina familiar ou de construílo en fronte, nun terreno pertencente á portos de Galiza.

No 2006, o Sergas tiña orzamentado 600.000 € para financiar a construcción do citado centro de saúde, mais a falla de acordo da ubicación demorou a súa construcción. No ano 2010, a exconselleira de Sanidade Pilar Farjas, visitaba en Fisterra a posible ubicación do futuro centro, e sinalaba como lugar idóneo, a zona en frente da igrexa de

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:16
Por María Montserrat Prado Cores
Asinado o día 18/07/2025 ás 10:15
Por Óscar Insua Lema
CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:16:18
Nº Rexistro: 29086
Data envio: 18/07/2025 10:16:18.755

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santa María das areas, prometendo telo feito e rematado ao longo do ano 2011, mais "pasou o día, e pasou a romería".

No ano 2011, o 17 de xaneiro, o partido popular fixo un despregamento de medios, novamente coa exconselleira de Sanidade, Pilar Farjas e co presidente de portos de Galiza, José Manuel Álvarez-Campana, para anunciar a sinatura dun convenio de colaboración para axilizar a tramitación da construcción do novo centro médico, entre os dous organismos e o concello de Fisterra. Daquela, a Conselleira anunciara que o Servizo Galego de Saúde destinaría 1,5 millóns de euros para construír o novo centro de saúde de Fisterra, cuxo plan funcional incluía catro consultas de medicamento xeral e unha de pediatría, cinco de enfermaría, unha sala polivalente, outra de toma de mostras e unha terceira de técnicas. Pilar Farjas, aseguraba en Fisterra que o obxectivo era que o novo edificio, se construiría na zona portuaria, fronte á casa consistorial e ao actual consultorio, e quedaría finalizado naquel mesmo ano. O certo é que ese convenio que se presuntamente asinaron as tres partes, nin foi publicado, nin se materializou, nin na zona de portos nin en ningún outro espazo, todo foi propaganda, pura e dura.

O centro de saúde segue no mesmo sitio, no edifico do Instituto social da Mariña construído hai máis de corenta anos, con espazos vellos e obsoletos tanto para as consultas como para atender aos doentes nas condicións desexables. Un edificio que carece de accesos para persoas con discapacidade, xa que teñen que utilizar o ascensor do concello, edificio colindante, que se instalou na última reforma, e no cal non cabe unha padiola. Os accesos que posúe son unicamente por medio de escaleiras, dado que se sitúa nunha terceira planta, e o acceso que ten se elas é mediante unha pendente en caracol cun ancho que non chega ao metro.

Despois do paso pola alcaldía do Partido Popular e do esquecemento destas instalacións, os distintos gobernos municipais de Fisterra desde 2015 veñen reclamando a construcción do mentado centro de saúde, e ofrecendo distintos terrenos municipais para a

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:16:18
Nº Rexistro: 29086
Data envio: 18/07/2025 10:16:18.755

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

súa futura ubicación, sen que a Xunta de Galiza teña orzamentado nin un só euro para tal menester, indicativo do grandísimo interese e empeño que pon o goberno galego no asunto.

E unha constante a preocupación da veciñanza do Fisterra, para que este proxecto poida ser unha realidade algún día, e compre darlle solución a esta inquietude. No proxecto de Orzamentos da Xunta de Galiza, a Consellería deixaba aberta a porta a novas inversións naqueles Concellos que avancen axeitadamente, na posta a disposición dos terreos necesarios, como é o caso que nos ocupa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que previsión ten o Goberno galego para a construcción do centro de saúde de atención primaria no concello de Fisterra?

- Ten previsto o goberno galego licitar este ano o contrato de redacción do proxecto?

- Vaise incluír nos orzamentos da Xunta de Galiza para o 2026 unha partida con dotación suficiente para construír o centro de saúde de Fisterra?

- Ten constancia a consellería de Sanidade da existencia dalgún impedimento para levar a cabo a execución do devandito centro?

- Sabe o goberno galego en que condicións se atopan as instalacións actuais do centro de saúde e das condicións de accesibilidade ao centro sanitario de Fisterra? Que opinión ten sobreestas circunstancias? Vai a tomar algunha medida de forma inmediata para paliar esta situación?

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:16:18
Nº Rexistro: 29086
Data envio: 18/07/2025 10:16:18.755

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:16:18
Nº Rexistro: 29086
Data envio: 18/07/2025 10:16:18.755

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 18/07/2025 10:15:52

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2025 10:16:01

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:16:18
Nº Rexistro: 29086
Data envio: 18/07/2025 10:16:18.755

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:16:19

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:17:58
Nº Rexistro: 29087
Data envio: 18/07/2025 10:17:58.075

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 18/07/2
Por Juan Manuel Cas
Gándara

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Alberto Pazos Couñago, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:15
Por Alberto Pazos Couñago

A competitividade empresarial non só é decisiva para acadar o éxito individual das empresas, senón que tamén xoga un papel fundamental no desenvolvemento económico e, polo tanto, social dun país.

Consciente desta realidade o Goberno galego, no ámbito das súas competencias, ademais da boa regulación que demostra a través de iniciativas como a nova Oficina Económica de Galicia e a estabilidade política, favorable para mellorar a acción empresarial, vén impulsando outras actuacións específicas que reverten na mellora da competitividade.

Referímonos, por exemplo, ás actuacións que está a promover a Consellería de Economía e Industria, para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas.

Segundo manifestou o propio Goberno galego, o seu obxectivo é dotar ao empresariado e aos equipos de dirección das ferramentas necesarias para enfrontarse aos retos actuais do mercado global e asegurar o crecemento sustentable das empresas galegas, promovendo a profesionalización da xestión empresarial e o desenvolvemento de proxectos innovadores que permitan competir ao tecido empresarial galego tanto a nivel nacional como internacional.

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:15
Por Rubén Lorenzo Gómez

Non obstante, debido ao alcance que poden ter as actuacións na economía galega, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:17:58
Nº Rexistro: 29087
Data envio: 18/07/2025 10:17:58.075

Cal é o balance das medidas que está a promover a Consellería de Economía e Industria para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:17:58
Nº Rexistro: 29087
Data envio: 18/07/2025 10:17:58.075

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/07/2025 10:15:46
Alberto Pazos Couñago na data 18/07/2025 10:15:57
Juan Manuel Casares Gándara na data 18/07/2025 10:16:05
Miguel Fidalgo Iglesias na data 18/07/2025 10:16:15
Julio García Comesaña na data 18/07/2025 10:16:35
Patricia García González na data 18/07/2025 10:16:45
Noelia Pérez López na data 18/07/2025 10:16:56
Manuel Santos Costa na data 18/07/2025 10:17:15
Cristina Sanz Arias na data 18/07/2025 10:17:32
Gonzalo Trenor López na data 18/07/2025 10:17:41

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:17:58
Nº Rexistro: 29087
Data envio: 18/07/2025 10:17:58.075

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:17:58

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:19:08
Nº Rexistro: 29088
Data envio: 18/07/2025 10:19:08.904

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/07/2
10:18
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e **Rosana Pérez Fernández,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:17
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción marisqueira da Ría de Ferrol segundo os datos oficiais da Xunta de Galiza ofrecidos a través de Pesca de Galiza para o recentemente pechado ano 2024 deixa un novo mínimo histórico.

Data	BABOSA	FINA	RUBIA	XAPONESA	BERBERECHO
2014	299.883,00	15.814,00	29.937,00	10.004,00	32.060,00
2024	13.364,93	5.971,28	11.076,00	18.960,62	216,53

Data	CARNEIRO	OSTRA	OSTRA RIZADA	ZAMBURIÑA	VIEIRA	NAVALLA
2014	28.031,20	2.822,00		4.534,00	44.984,00	
2024	22.332,60	34.826,15	9.977,06	2.850,98	25.600,15	20.379,95

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:17
Por Ramón Fernández Alfonzo

A produción total do ano 2014 foi de 468.069,20kg contra os 165.556,25kg do 2024, o que representa un 35,37%. A caída da produción é moito máis dramática se nos referimos aos produtos que historicamente foron máis importantes. Estamos a falar do caso da ameixa babosa, auténtico produto emblema da ría de Ferrol e que hoxe non chega ao 4,5% do que se recollía no ano 2014.

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:19:08
Nº Rexistro: 29088
Data envio: 18/07/2025 10:19:08.904

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O esforzo das confrarías por introducir ou mellorar a produción de outros mariscos, como a ameixa xapónica, a ostra, a vieira ou a navalla, non conseguen compensar a caída da ameixa babosa, que representa mellor que ningunha outra cousa o declive produtivo da ría e nomeadamente o colapso do banco das Pías, que foi no seu tempo o máis produtivo de toda Galiza.

A produción marisqueira da ría de Ferrol ven sendo obxecto de seguimento, preocupación e denuncia constante por parte do BNG, que ven demandando de forma insistente un cambio radical na actitude da Xunta de Galiza, instándoa a liderar con determinación un plan para a rexeneración da ría e a recuperación da produción, a comezar pola realización dun estudo integral que poida determinar as causas que provocan a situación actual e orientar debidamente as accións a tomar.

Parece que nos últimos anos pasamos de procurar culpábeis cada vez que fracasaba unha campaña, en cada caso máis insólitos, e das promesas mesiánicas, por suposto tamén fracasadas, ao silencio e á normalización dunha tendencia que xa case non ten cualificativos. O que non muda é a falta de liderado e de responsabilidade por parte de quen ten as competencias exclusivas en materia de marisqueo: a Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1. Por que a Xunta de Galiza non exerce as súas competencias en materia de produción de marisqueira?

2. Por que a Xunta de Galiza ven boicoteando desde hai anos a elaboración dun estudo integral sobre a situación produtiva da ría de Ferrol que inclúa a situación dos fondos mariños?

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:19:08
Nº Rexistro: 29088
Data envio: 18/07/2025 10:19:08.904

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Por que a Xunta de Galiza se obstina en sinalar causas ou culpábeis sen base científica da caída da produción marisqueira?

4. Por que a Xunta de Galiza nunca realizou ou encargou un estudo sobre os fondos e os sedimentos da ría de Ferrol?

5. Por que a Xunta de Galiza nunca avaliou o impacto da introdución de especies foráneas nas rías? Por que a Xunta de Galiza decide a realización de grandes achegas de áridos sen coñecer as dinámicas hídricas da ría?

6. Por que a Xunta de Galiza nunca avaliou os efectos de decisións como a baixada da talla comercial da ameixa, ou da aprobación de plans que significaban de facto unha sobre explotación dos bancos?

5. Como explica a Xunta de Galiza que a ría de Ferrol aínda manteña zonas C, e sexa a única de todo o estado español que ten zonas sen clasificar??

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:19:08
Nº Rexistro: 29088
Data envio: 18/07/2025 10:19:08.904

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/07/2025 10:17:44
José Manuel Golpe Acuña na data 18/07/2025 10:17:55
Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2025 10:18:18

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:19:08
Nº Rexistro: 29088
Data envio: 18/07/2025 10:19:08.904

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:19:09

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:10
Nº Rexistro: 29090
Data envio: 18/07/2025 10:21:10.491

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 18/07/2
10:20
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e **Rosana Pérez Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativas ás actuacións de transparencia e dación de contas que debe realizar a Xunta de Galiza após a imputación dun membro do goberno galego por presunta agresión sexual e os feitos concomitantes.

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:20
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño de 2025 pola tarde dimitía o ex conselleiro do mar, Alfonso Villares Bermúdez despois de que presuntamente o Tribunal Superior de Xustiza lle comunicara a súa imputación por un presunto delito de agresión sexual.

Esta situación, de extrema gravidade e sen precedentes, foi acompañada dunha serie de circunstancias e feitos concomitantes que deben ser adecuadamente fiscalizados. Así, hai distintas cuestións de falta de transparencia e información que deben ser aclaradas polo goberno galego, ademais de explicar e render contas dunha serie de afirmacións e falta de contundencia que corren o risco de contribuír negativamente á loita contra a violencia de xénero por rebaixar a gravidade da posibilidade dunha presunta agresión sexual que supón un tipo violencia de xénero segundo recolle a lexislación galega e estatal despois de décadas de loita do feminismo e dos movementos de mulleres.

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:20
Por Noa Presas Bergantiños

Entre outras cuestións, o goberno galego debe aclarar e transparentar desde que momento exacto tiña coñecemento da denuncia por parte das institucións xudiciais. Así mesmo, ante a gravidade do feito de que se filtre a identidade da denunciante en paralelo á posta en coñecemento público por parte do acusado da situación e da comunicación a súa

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:10
Nº Rexistro: 29090
Data envio: 18/07/2025 10:21:10.491

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

dimisión, é necesario depurar as responsabilidades da vulneración da confidencialidade e privacidade da vítima.

A actuación que o goberno, a representación política e as institucións galegas dean ante esta inédita situación é responsable de enviar unha mensaxe á sociedade galega que estea á altura das circunstancias, coa máxima transparencia e contundencia e demostrando que a loita contra a violencia de xénero en todas as súas formas é unha prioridade absoluta.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é o momento exacto no que a Xunta de Galiza tivo coñecemento da denuncia por presunta agresión sexual a Alfonso Villares Bermúdez?

É responsable a Xunta de Galiza directa ou indirectamente da filtración da identidade da denunciante de Alfonso Villares Bermúdez por un presunto delito de agresión sexual?

Indagou ou vai indagar a orixe desta filtración?

Considera o goberno galego que afirmar por parte de respresentantes institucionais a inocencia dun acusado de agresión sexual é apoiar ás vítimas?

Considera o goberno galego que o feito de que o Presidente da Xunta afirme a vontade de recuperar para a vida pública a un acusado de agresión sexual alimenta o discurso falso das denuncias falsas de violencia de xénero?

Que valoración fai o goberno galego da situación xerada ante a imputación dun membro do seu goberno por agresión sexual?

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:10
Nº Rexistro: 29090
Data envio: 18/07/2025 10:21:10.491

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:10
Nº Rexistro: 29090
Data envio: 18/07/2025 10:21:10.491

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2025 10:20:36
Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2025 10:20:44
Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2025 10:20:54

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:10
Nº Rexistro: 29090
Data envio: 18/07/2025 10:21:10.491

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:21:11

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:26
Nº Rexistro: 29091
Data envio: 18/07/2025 10:21:26.227

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 18/07/2
Por Juan Manuel Cas
Gándara

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Alberto Pazos Couñago, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

A aposta pola transformación dixital é unha compoñente clave para asegurar o crecemento económico sostible e a competitividade do tecido produtivo galego, especialmente das pemes e autónomos.

A transformación dixital busca modernizar as empresas, fomentar a innovación e crear unha contorna empresarial que sexa capaz de prosperar na economía dixital. A RIS3 Galicia 2021-2027 establece tres prioridades de especialización definidas a partir dos tres grandes retos da RIS3 14-20.

En particular, o reto 2 «Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento», ten o obxectivo de aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia a través da hibridación e das tecnoloxías facilitadoras esenciais, e define a prioridade 2 «Apoio á tecnificación e dixitalización (desenvolvemento e/ou incorporación de tecnoloxías) para impulsar o modelo industrial galego e a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, como panca para a transformación resiliente de Galicia».

Por outra banda, os hubs de innovación dixital son unha aposta da Xunta de Galicia para estender o impacto positivo da innovación baseada na transformación dixital a todas as empresas galegas, en especial ás pemes.

Representan unha evolución da RIS3 na que a Xunta de Galicia asume o papel de facilitadora, promovendo, acompañando e apoiando a constitución e consolidación dos hubs galegos, que operan nos ámbitos de especialización identificados como estratéxicos para Galicia.

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:19
Por Alberto Pazos Couñago

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:19
Por Rubén Lorenzo Gómez

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:26
Nº Rexistro: 29091
Data envio: 18/07/2025 10:21:26.227

O sistema loxístico galego é un vector da competitividade territorial e empresarial, clave na adaptación do sistema produtivo ao proceso de globalización económica e a cuarta revolución industrial, liderando unha estratexia exterior compartida para Galicia.

Esta visión incorpora o crecente valor da loxística na competitividade empresarial e territorial e a necesidade de que Galicia dispoña dunha función loxística de primeiro nivel.

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, regula a iniciativa galega de concellos emprendedores.

Neste contexto, a comunidade autónoma galega establecerá unha discriminación positiva nas ordes de axudas, que se convocan en réxime de concorrencia competitiva a favor das empresas, dos autónomos ou das entidades sen ánimo de lucro, nas axudas destinadas á implantación e ao funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia, cuxos proxectos se desenvolvan nun concello emprendedor.

Neste escenario cómpre poñer ao dispor das empresas as ferramentas adecuadas que lles permitan aproveitar as oportunidades que existen para Galicia e para a súa industria no actual contexto de transición enerxética e dixital.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que iniciativas e servizos de apoio ten a Xunta de Galicia para apoiar a transformación dixitalización de autónomos e pemes?

2.- Cal é o balance destas actuacións desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:26
Nº Rexistro: 29091
Data envio: 18/07/2025 10:21:26.227

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/07/2025 10:19:24
Alberto Pazos Couñago na data 18/07/2025 10:19:39
Juan Manuel Casares Gándara na data 18/07/2025 10:19:48
Miguel Fidalgo Iglesias na data 18/07/2025 10:19:58
Julio García Comesaña na data 18/07/2025 10:20:08
Patricia García González na data 18/07/2025 10:20:18
Noelia Pérez López na data 18/07/2025 10:20:30
Manuel Santos Costa na data 18/07/2025 10:20:41
Cristina Sanz Arias na data 18/07/2025 10:20:56
Gonzalo Trenor López na data 18/07/2025 10:21:05

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:21:26
Nº Rexistro: 29091
Data envio: 18/07/2025 10:21:26.227

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:21:27

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-31ytgu1Jn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/